

# Planeta Lingua



*A undécima edición de Planeta Lingua,  
a revista promovida polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.*

**Número 11**

**EDITORIAL**

*Para atrás non vou ....2*

**CIENCIA E  
TECNOLOXÍA**

*As TIC no presente  
curso académico .....3*  
*Unha nova Terra? .....3*  
*O virus do papiloma  
humano (VPH) .....4*  
*Casa intelixente,  
realidade ou ficción ...5*

*A sonda Cassini -  
Huygens .....6*

**CONCURSOS**

*V Certame de deseño  
publicitario con cartel e  
lema .....7*  
*X Certame de relato  
curto Charles  
Darwin .....7*  
*XVI Certame de poesía  
Ricardo Carvalho  
Calero .....8*

*FPN, ese privilexio  
noso .....10*

**ENTREVISTAS:  
Especial Darío  
Xohán Cabana**

*Presentación .....11*  
*Entrevista a Darío ...12*  
*Galván en Saor e O  
cervo na torre .....16*  
*O cervo na torre .....16*

**LENDAS GALEGAS**

*A meiga e o  
pescador .....17*  
*A lagoa da serpe .....19*  
*Os avisos da morte ..19*

**MÚSICA**

*Entrevista realizada a  
Nacho  
Grueiro .....20*  
*Heavy metal .....20*

*O hip hop, un estilo de  
vida .....21*

*A música clásica persa:  
Irán .....23*  
*Entrevistamos a Andy,  
guitarra de Decadent  
Daughters) .....24*

**ECOLOXÍA**

*Baixa Limia – Serra do  
Xurés .....26*

**ARTESANÍA**

*Artesanía téxtil:  
Encaixe de bolillos e á  
lanzadeira .....28*  
*Frivolité .....29*

**Opinión**


*E ti es galego .....30*  
*Non falo galego porque  
non sei falalo ben .....31*

**PASATEMPOS**

*Pasa o tempo .....32*

*Os concursos do Sofía acadan participación e calidade: un dos nosos premiados, Federico Pedreira Nores, recibe o Minerva e o Caixa Nova*

*Darío Xohán Cabana: A voz do bardo resoou para o alumnado do Sofía nun recital inesquecible. Afondamos na súa figura e obra.*



# EDITORIAL

## Para atrás non vou

*Recentemente, foi distribuído no centro un tríptico informativo cos resultados do estudo sociolingüístico realizado polas profesoras M<sup>a</sup> Josefa Castro López, M<sup>a</sup> Luz Couceiro Hérez, Melba Couto Pedreira, M<sup>a</sup> Isabel Días Soto, Ángeles Doce Lamas, Antía López García, Inés López Sanjurjo e Laura Suárez Llano.*

*Os índices parciais e o indicador global calculados revelan un evidente predominio do castelán a nivel oral, pero tamén, a actitude favorable dos membros da nosa comunidade educativa cara á utilización do galego no ámbito escolar (só o alumnado se amosa indiferente neste apartado) e cara á súa extensión social. De feito, é, fundamentalmente, esta actitude favorable, xunto coa convivencia coa lingua galega, a boa capacitación para a comunicación en galego e o emprego da nosa lingua propia nos aspectos visuais e documentais do centro os factores que sitúan o noso instituto nun contorno con similar presenza das dúas linguas oficiais: galego e castelán.*

*O coñecemento da nosa realidade sociolingüística constituíu o punto de partida para concretar na Planificación Sociolingüística do Centro (PLC) e, cunha maior concreción e operatividade, no Proxecto Lingüístico do Centro (PLC) –ambos documentos xa aprobados polo Claustro de profesores e polo Consello Escolar– un conxunto de medidas orientadas a conseguir que o alumnado, ao rematar as sucesivas etapas educativas, posúa unha boa competencia en ambas linguas; e a mellorar a consideración social da lingua galega.*

*A obriga dos centros educativos de elaborar o PLC está recollida expresamente no Decreto 124/2007 que, actualmente, regula o uso do galego no ensino e que, sen lugar a dúbidas, supón un significativo avance no camiño da normalización lingüística; por este motivo, desde a revista, queremos amosar o noso posicionamento en contra da súa anunciada derogación. O cumprimento do dereito legal do alumnado a recibir o 50% da docencia en galego é unha condición indispensable para que poida adquirir a competencia bilingüe que, como mínimo, sinala a lexislación.*

*Firmes no compromiso individual e colectivo a prol da normalización lingüística do noso idioma, dicimos co escritor rexurdimentista Evaristo Martelo Paumán:*

Pinga de fel carraxosa  
na lousa da escravitude  
guindando estou;  
se non acudís coa voso,  
forte eu da fe na virtude,  
pra atrás non vou

*(Landras e baías: “A misión dos bardos”)*

## Redacción

Andrea Bellón Lama  
Andrea Mosquera Alonso  
Andrea Rodríguez Nicolás  
Carla Fernández López  
Cristiña López Jiménez  
Daniel Calvo Díaz  
Enrique Díaz Zuaza  
Federico Pedreira Nores  
Guillermo Ramil López  
Hadrián Díaz Fabuena  
Inés Amarelo García  
Joaquín Pareja Sequeiro  
Laura García Aramburu  
Laura Ríos Casanova  
María García Garrote  
Martín Amarelo García  
Mercedes Fernández Díaz  
Noemi Rebaque Seco  
Pablo Puga Peralta  
Raúl Sandomingo Freire  
Rita Calvo Salgado  
Rocío Moreno Carreira  
Sara Romalde Ricart  
Sara Sánchez Pita  
Sheila Amado Irago  
Sofía Díaz Santiso  
Yaiza Mari Montero Troncoso  
.....  
Almudena Armada Castro  
Laura Suárez Llano  
Mariano Durán Aneiros  
Xoán Rodríguez Silvar

## Colaboración

Brais Díaz Collado  
Jesús Fernández Chabaud  
.....  
Ángeles López Lamas  
Antía López García  
Consuelo García Pardo Sagarna  
Fernando Piñón Rodríguez  
Inés López Sanjurjo  
Juan Amado Castro  
M<sup>a</sup> Luz Couceiro Hérez  
M<sup>a</sup> Reyes Montero Vale  
M<sup>a</sup> Teresa Sebio Puñal  
Mabel Díaz Soto  
María Ajuria Peón  
Melba Couto Pedreira

## Edición

Equipo de Normalización Lingüística do  
IES Sofía Casanova, Ferrol

## Maquetación

Xoán Rodríguez Silvar

## Coordinación

Laura Suárez Llano

## Centro

IES Sofía Casanova  
Rúa O Galego Soto s/n 15403 Ferrol  
T 981 311 500 F 981 313 146  
ies.sofia.casanova@edu.xunta.es  
<http://centros.edu.xunta.es/iessofiacasanova>

# CIENCIA E TECNOLOXÍA

## As TIC no presente curso académico

Este ano no bacharelato introducíronse novas asignaturas dentro da oferta educativa. Entre elas, vou falar das TIC (siglas de Tecnoloxías da Información e da Comunicación). Esta asignatura está dirixida a promover os novos sistemas informáticos que foron creados nos últimos anos e que aínda se están a desenvolver. Entre algúns deles podemos destacar o Moodle, o correo electrónico como ferramenta rápida de comunicación, os blogs...

Neste curso académico o alumnado de TIC traballou e segue a traballar en temas moi útiles para a vida real. Algúns dos máis interesantes son:

O Moodle, unha plataforma que permite ó alumnado facer dende o ordenador actividades que colga o profesor correspondente, para logo estas seren corrixidas. Tamén con el podes comunicarte facilmente.

Os blogs: en concreto, nós traballamos co de Google, Blogger. Nel podemos inserir todo tipo de arquivos para que a xente os vexa e os comente. Con Blogger traballamos toda a 1ª

avaliación e colgamos entradas de todo tipo.

No que se refire a Google, utilizamos todas as súas aplicacións, dende Google Maps para facer mapas ou rutas de interese, pasando polo Google Docs para facer documentos, o Picasa para colgar e almacenar fotos en Internet e finalmente o tan importante Gmail (correo electrónico).

Tamén aprendemos a utilizar sistemas para buscar arquivos de música como Podcast, outros para subir presentacións ós blogs como o Slideshare, outro para facer liñas do tempo como Timetoast...

Cabe destacar que empregamos preferiblemente software libre durante todo o curso, programas gratuitos como o OpenOffice que cumpren o mesmo labor que o, por todos coñecido, Microsoft Office.

Todas estas cousas sérvennos para comunicármonos facilmente, para establecer relacións cos amigos e mesmo para divertirnos.

En definitiva, se queres coller en primeiro de bacharelato unha asignatura



natura divertida, útil neste mundo, o mundo das tecnoloxías, e na que non teñas que traballar excesivamente, recoméndovos esta.

No que se refire ó instituto, as TIC están bastante difundidas, xa que contamos cunha grande cantidade de ordenadores, proxectores, pizarras dixitais, rede de internet, a aula virtual...

A miña opinión sobre esta asignatura é que é unha grande opción dentro da oferta educativa do instituto e que te servirá máis adiante.


Deica logo...

Enrique Díaz Zuaza

## Unha nova Terra?

Por primeira vez na historia, científicos de tres centros de investigación: un francés, un suízo e outro portugués, descubren un planeta fóra do noso Sistema Solar, que podería ser habitable polo home.

Este planeta atópase a 20,5 anos luz da Terra, na constelación Libra.



A súa estrela é a Gliese 581, unha estrela anana á que tarda 13 días en completar a súa órbita. A súa forza de atracción é, na superficie, 2,2 veces a da Terra, cun radio de acción 1,5 veces maior. Ten 5 veces a

masa da Terra e a súa temperatura oscila entre os 0° e os

40°C, polo que podería conter auga en estado líquido, o que permitiría a vida tal e como a coñecemos.

O equipo que o descubriu considéranlo un planeta idóneo para futuras misións de investigación de vida extraterrestre,

concretamente co satélite Darwin, debido ás súas condicións de temperatura e relativa proximidade. O lanzamento do satélite pola Axencia Espacial Europea está previsto para 2015. Os mesmos investigadores xa atoparon en 2005 outro planeta do Sistema Solar desa mesma estrela, que tardaría 5,4 días en completar a súa órbita. Tamén se atopou a evidencia da presenza dun terceiro planeta cun tamaño oito veces máis grande cá Terra.



Sheila Amado Irago (5ºB), Daniel Calvo Díaz (5ºD)  
Sara Sánchez Pita (5ºD)

# CIENCIA E TECNOLOXÍA

## O virus do papiloma humano (VPH)

### Que é o VPH? Un virus de transmisión sexual

Os virus do papiloma humano (VPH) son un grupo diverso de virus ADN que infectan a pel e membranas mucosas de humanos, así como de distintos animais. Algúns tipos de VPH poden causar condilomas, mentres outros, infeccións subclínicas, derivando en lesións precancerosas. Todos os VPH se transmiten por contacto pel a pel (transmítese case exclusivamente por vía sexual).

O papilomavirus é un patóxeno con multitude de cepas coñecidas. Aínda que o 90% das infeccións que provoca desaparece espontaneamente sen chegar sequera a dar síntomas, cando estas cronifican, poden chegar a causar cancro.

### Tipos de VPH

Enfermidade	Tipo VPH
Espulla común.	2, 7.
Espulla plantar.	1, 2, 4.
Espulla cutánea chata.	3, 10.
Espulla xenital anal.	6, 11, 42, 43, 44, 55 e outras.
Malignidades xenitais.	16, 18, 31, 33, 35, 39, 45, 51.
Epidermodisplasia verruciforme.	Máis de 15 tipos.
Hiperplasia focal epitelial (oral).	13, 32.
Papilomas orais.	6, 7, 11, 16, 32.

*Dende que un individuo pode infectarse con múltiples tipos de HPV, a presenza de espullas non é síntoma de que estea ausente a posibilidade da presenza de tipos de alto risco do virus.*

*Os tipos de VPH que tenden a causar espullas xenitais non son os mesmos que causan cancro cervical.*

### Enfermidades inducidas polo VPH.

#### Espullas cutáneas

Estes tipos de espullas son os menos importantes e non sempre indican a existencia do VPH nin o seu desenvolvemento no organismo, mais son de interese para poder achar calquera indicio, polo que cómpre atender a elas.

Os tipos de espullas máis comúns son os seguintes:

- \* Espullas comúns.
- \* Espullas plantares.
- \* Espullas subunguais ou periunguais.
- \* Espullas planas.
- \* Espullas xenitais

As espullas xenitais ou anais son o máis doado signo recoñecido de infección de VPH xenital. Aínda que hai unha ampla variedade de tipos de VPH que poden causar espullas xenitais, os tipos 6 e 11 constitúen preto do 90% de todos os casos.


Moita xente que adquire espullas xenitais asociadas con tipos de VPH, resolve a infección rapidamente sen sequera desenvolver espullas ou outros síntomas. Pódese transmitir o virus a outros, mesmo se non se despregaron ningúns dos síntomas de infección; non obstante, na inmensa maioría de casos, esta non é consecuencia de non se facer axeitados tests rutineiramente administrados en centros de saúde ou hospitais

#### Cancro


Preto dunha ducia de tipos de VPH (incluíndo os tipos 16, 18, 31, 45) chámanse tipos de "alto risco", debido a que poden disparar un cancro cervical, ou tamén cancro anal, cancro vulvar e cancro de pene. Varios tipos de VPH, particularmente o tipo 16, foron achados asociados con carcinoma orofarínxeo de células escamosas, unha forma de cancro de cabeza e colo. Os cancros inducidos por VPH con frecuencia teñen secuencias virais integradas no ADN celular. Algúns dos xenes "temperáns" de VPH (como E6 e E7) coñécense e actúan como oncóxenos, promovendo o crecemento tumoral e a transformación a maligno.

Algunhas proteínas (como a proteína p53) preveñen o crecemento celular en presenza de ADN danado.

A maioría das infeccións de VPH son resoltas rapidamente polo sistema inmune e non progresan a cancro cervical. Debido a que o proceso de transformar células cervicais nor-



Dúas vistas da estrutura do VPH



mais en cancerosas é lento, o cancro acontece en xente que foi infectada con VPH por un longo período de tempo, xeralmente unha década ou máis.

Os VPH sexualmente transmitidos tamén poden causar a maior parte de cancros anais e aproximadamente o 25% de cancro de boca e garganta (orofarinxe).

**A vacina: boas novas para as vítimas.**

*Gardasil* é unha vacina contra certos tipos do virus do papiloma humano (VPH), fabricada por Merck & co., Inc.

A investigación que conduciu ao desenvolvemento da vacina comezou nos anos 1980, catro anos despois de que Aguirre Cabañas descubriuse a relación do VPH co cancro de colo uterino, o que supuxo a apertura cara á investigación dunha vacina. A investigación realizouse por grupos na Universidade de Rochester, Universidade de Georgetown, Universidade de Queensland e o Instituto Nacional do Cancro dos E.E.U.U.

Un adianto moi importante foi descuberto en 1991 cando Ian Fraser e Jian Zhou, da Universidade de Queensland, atoparon un xeito de formar partículas, como virus (LVP), non infecciosas, que tamén podían

activar fortemente o sistema inmunolóxico. En 1994, UniQuest, o brazo de transferencia de tecnoloxía da Universidade de Queensland, con-



cedeu a licenza para o uso desta tecnoloxía á empresa máis grande de biotecnoloxía australiana, CSL, quen, á súa vez, a vendeu a Merck & co. Inc.

*O contacto de sexo anal ou de sexo oral cunha parella sexual infectada de VPH pode incrementar o risco de desenvolver eses tipos de cancros.*

Coa comercialización da vacina, presentouse unha controversia pola propiedade intelectual, iniciada por GSK, entre os inventores. A historia do descubrimento desta vacina é descrita no seguinte artigo:

“Who Invented the VLP Cervical Cancer Vaccines?” McNeil, C., *Journal of the National Cancer Institute*, 2006, 98 (7): 433.

Existen dúas vacinas que cobren serotipos distintos. *Gardasil* (do que fala este artigo) foi atribuído aos investigadores australianos e Cervarix aos investigadores dos E.E.U.U.

*Gardasil* está deseñado para prever a infección co VPH dos tipos 16, 18, 6, e 11. Os tipos 16 e 18 de VPH comprenden preto do 70% das causas do cancro cervical relacionadas co VPH. Ademais, algúns tipos de VPH, particularmente o tipo 16, atopáronse asociados ao carcinoma orofarínxeo de células escamosas, unha forma de cancro da garganta.

Os VPH de tipos 6 e 11 causan preto do 90% das espullas xenitais. A infección polo virus de papiloma humano (VPH) causa virtualmente todos os casos de cancro cervical, a sétima causa máis común de morte por cancro entre mulleres en todo o mundo.

*Martín Amarelo García 1ºC- Bacharelato.  
Inés Amarelo García 2ºA- E.S.O.*

## CASA INTELIXENTE: REALIDADE OU FICCIÓN?

É posible chegar á casa e atopar a comida feita e posta na mesa. É posible ter un baño preparado ou ter a casa a unha temperatura agradable. Todo isto é posible grazas ás casas intelixentes, capaces de facer o que un humano, pero con maior exactitude e sen necesidade de pagarlles un soldo.

Gracias ás novas tecnoloxías, é posible ter unha casa completamente automática: unha casa futurista totalmente tecnolóxica, na que todas as súas funcións estean programadas dende un ordenador centralizado. Estes sistemas son deseñados para aportar ós habitantes da casa afo-

rro, comodidade, benestar e tranquilidade. Estes obxectivos conseguiranos grazas a diversos sistemas. O aforro enerxético conseguiranos mediante un gran control dos aparatos eléctricos da casa: desactivando os equipos que non sexan de primaria necesidade nese momento; ou poñendo en funcionamento algúns aparellos -como a lavalouza ou a lavadora de gran consumo- ás horas de tarifa reducida; ou poñendo a calefacción cando a temperatura ambiental baixe de certa temperatura, manténdoa de



forma automática, do mesmo modo que no verán poderá manter unha temperatura agradable accionando o aire acondicionado.

Tamén conseguirán un maior confort lumínico facendo que unhas células midan a cantidade de luz en cada momento do día e regulen as luces da casa para que sempre haxa unha luminosidade marcada anteriormente. Así mesmo regulará a vixilancia da casa controlando todas as entradas mediante videocámaras nas que detectará calquera anomalía nunha imaxe predefinida, controlando a apertura de portas e ventás ou, simplemente, os actos de vandalismo contra as instalacións. Gracias á inclusión de sistemas de autochamada a urxencias, a casa poderase defender soa chamando os bombeiros can-


do detecte lume ou a policía se salta a alarma, ou axudar a alguén que estivese enfermo ou ferido chamando directamente a un hospital. Este sistema poderá encargarse tamén de tarefas como baixar ou subir as persianas, abrir ou pechar as fiestras, ou do rego do xardín.

Todos estes sistemas estarán controlados mediante unha rede de sensores colocados por toda a casa, que recollerán os datos das distintas estancias e enviaranos a un ordenador central, no que serán procesados e comparados cos datos postos anteriormente polo dono da casa e, se non coinciden,

tomará as medidas necesarias, dando ordes ós distintos sistemas para que fagan que as condicións da casa volvan ó estado no que o dono da casa dispuxo. Ademais, gracias ás novas tecnoloxías, poderase controlar toda a casa a distancia, xa sexa gracias ó mobil, a unha PDA ou a un ordenador portátil, simplemente con estar conectado a internet ou mediante a tecnoloxía WiFi ou Bluetooth, ou, se se está no interior da casa, poderase controlar mediante un mando a distancia.

*Pablo Puga Peralta (5ºA)  
Joaquín Pareja Sequeiro (5ºA)*

## SONDA CASSINI-HUYGENS



-É un proxecto conxunto da NASA e da ESA (Axencia Espacial Europea), aínda vixente, lanzado o 15/10/97. Consta dun aparello orbitador (Cassini) e outro que traballa en superficie (Huygens).

-Os obxectivos principais son o estudo de Saturno, o seu sistema de aneis e os seus satélites e, sobre todo, o descenso ó satélite Titán para analizar a súa superficie.

Imaxe 1: esquema da sonda Cassini-Huygens.

Imaxe 2: lagoas de metano en Titán.

Imaxe 3: concepción artística da sonda.

Imaxe 4: traxectoria da sonda en 2D.

Imaxe 5: lanzamento do foguete que contiña a sonda.

Imaxe 6: descenso de Huygens sobre Titán.

Imaxe 7: Xúpiter e o seu satélite Io.

Imaxe 8: o satélite de Saturno Febe.

Imaxe 9: os aneis de Saturno.

Imaxe 10: a sonda antes de ser lanzada.

Imaxe 11: Io sobre Xúpiter.

Imaxe 12: vista global de Titán.

Imaxe 13: Titán no espectro infravermello.

Imaxe 14: percorrido da sonda en 3D.

Imaxe 15: Saturno eclipsando ó sol.

Imaxe 16: a superficie de Titán.

Imaxe 17: o satélite de Saturno Encelado.


Imaxe 18: o satélite de Saturno Tetis.

Enrique Díaz Zuaza e Raúl Sandomínguez Freire, 1ºB Bach

# Concursos

Convocados polos ENDL do IES Sofía Casanova en colaboración cos departamentos de Debuxo, Ciencias Naturais e Lingua Galega e Literatura

## OBRA GAÑADORA DO V CERTAME DE “DESEÑO PUBLICITARIO CON CARTEL E LEMA”



AUTORA: Andrea Rodríguez Nicolás, gañadora, tamén, do certame de poesía e imaxe “EN GALEGO SEN FILTRO”

LEMA: “A lingua intelixente: a da nosa xente”.

XURADO: María Ajuria Peón, Juan Amado Castro e Fernando Piñón Rodríguez.

## PREMIOS DO X CERTAME DE RELATO CURTO CHARLES DARWIN

Foron distinguidos nesta edición, especialmente memorable por convocarse no ano en que se recorda internacionalmente os 200 anos do nacemento de Darwin e os 150 anos da aparición da “Orixe das Especies”, as alumnas e o alumno seguintes:

INÉS AMARELO GARCÍA (2º ESO):

*Sentimentos rotos*


HELENA ARRIBÍ FREIJOMIL (4º ESO):


*Cuestión de sorte*

HADRIÁN DÍAZ FABUENA (2º BAC):

*As desesperanzas dun arrepentido*

XURADO: Ángeles López Lamas, Laura Suárez Llano e Antía López García.





## XVI CERTAME DE POESÍA RICARDO CARVALHO CALERO

Concurso de creación poética de tema e extensión libre, esta actividade, ademais de contribuír ao desenvolvemento das capacidades expresivas do alumnado no campo da poesía, tenta renderlle tributo ao ilustre ferrolán Ricardo Carvalho Calero.

XURADO: Inés López Sanjurjo, M<sup>a</sup> Luz Cruceiro Hérez e Consuelo García Pardo Sagarna

### 1º PREMIO

Aí a tés:

unha árbore frorida de camelias  
engaiolada nunha mañá de inverno

frío puro

e vento parado

Pan xoga só no patio,

Nunha

illa

leda

hai un espello no que só nós os dous nos reflectimos

e, ó redor:

vento parado


e radio apagada

vese no fondo do estanque,  
logo, enlótase dun fino pano azul  
e durme ata a volta da luz.

Por que se están a derreter os reloxos?

(...Paisaxe fotográfica)

*Federico Pedreira Nores (5°C)*





## 2º PREMIO

Fincheira

Feito ósos  
entre auga,  
e sangue, e fume.

Por unha moeda  
na boca e un aroma no padal,  
de tabaco, e sal,  
e terra.

Home de alma de tinta,  
negra desesperanza,  
ilusión descrida.

Alma de vento,  
e noite,  
e cinza.

Canto para un morto,  
canto a un ser desfeito  
coma migas de pan.

Canto con suspiros e bágoas  
a fariña de carne,  
a cadáveres de cadáveres,  
á espuma do sangue que beben  
os vermes luminiscentes  
de debaixo da terra.

E canto a un espírito,  
á gota de suor febril  
na beira dun papel.

Irónica pantasma noctámbula  
que asexo, sempre,  
rebelde.

Canto para un morto,  
fariña de fariña,  
cadáver de auga,  
sal e e terra.

Canto para un morto,  
canto ao minuto  
dun minuto  
dunha estrela.

*Rita Calvo Salgado (6E)*

## 3º PREMIO

AS CORES DA NAI

Miña nai fría e escura  
Sentada nunha cadeira gris  
Entro correndo da rúa  
E bico a súa cara cor marfil.

Xira o cuarto con ámbalas dúas  
E o mundo xira tamén  
Abrazadas, apertadas e mudas  
Xirando sentímonos ben.

Abre os ollos marrón profundo  
Que as bágoas saben conter  
Mírame con todo o amor do mundo  
Mentras eu estou a tremer.

Xiro a cabeza para mellor vela  
Río amodo sen ruído facer  
E un rosado nas súas meixelas  
Sen querer empézase a ver.

O sorriso troca en gargallada  
E sen pretendelo ela rí tamén  
Os seus dentes brancos e a lúa dourada  
Camiña no ceo, logo vai amencer.

Os fíos de prata do seu cabelo  
Contrastan agora co morado ceo  
A choiva fóra está caendo arreo  
Nós estamos dentro falando en segredo.

Miña nai cóntame cousas da infancia  
Dun prao verde e dunha vaca parda  
De cando corría á procura da buxaina  
De cando saltaba atravesando as chanzas.

Lévame ao mundo que está no seu peito  
Contándome historias de zocas e fientos  
Nunha praia amarela arribamos con xeito  
Pintando o azul do mar e o murmurio do vento.

Agarradas das mans viaxamos no tempo  
Facémolo as dúas cantando baixiño  
As cantigas fermosas que van enchendo  
A imaxinación, a emoción e o noso cariño.

Un vento frío dáme na faciana  
Facendo que abra os ollos de vez  
Apreto os puños, levanto a mirada  
Aí está o mármore que non quería ver.

Suspirando, respiro profundo  
Bailan os beizos e o queixo tamén  
Unhas bágoas saen prontas facendo sucos  
Vai frío esta tarde, e abrígome ben.

Pecho o chaquetón e levanto a cabeza  
Miro as flores por derradeira vez  
As súas cores preñadas de beleza  
Con tristura camiño mirando ao alén.

Miña nai fría e escura  
Sentada nunha cadeira gris.....

(Filla do tempo)

Mercedes Fernández Díaz  
(C.S.Educación infantil)

## Un alumno premiado do *Sofía*, dobremente recoñecido

O talento literario do gañador do primeiro premio do certame de poesía convocado no instituto, Federico Pedreira Nores, un dos máis activos membros do Equipo de Normalización Lingüística, tamén foi recoñecido fóra do noso ámbito escolar, e así se pon de manifesto nas palabras de recoñecemento que, a continuación, o profesor Mariano Durán, en nome de toda a comunidade educativa, lle dedica ao autor:

### FPN: ESE PRIVILEXIO NOSO

*Escribo estas palabras en honor de Federico Pedreira Nores, de 17 anos, alumno de 1º de Bacharelato do noso Sofía Casanova.*

*A súa triloxía Pausas triunfou entre un total de 44 traballos de poesía presentados ao XXXVII Premio Literario Minerva, convocado polo Colexio Manuel Peleteiro de Santiago (750 € e unha medalla conmemorativa). «Unha manifestación de poesía guiada polo irracionalismo» foi, en síntese, a xustificación do xurado sobre a elección dos poemas gañadores.*

*O seu poema Dicaiópolis: Descricións automáticas, avalado pola súa profesora, a nosa compañeira Melba Couto, conseguiu o primeiro premio, na categoría de Bacharelato, da 2ª edición do Premio Literario Escolar Caixanova (un equipo informático completo). As referencias metaliterarias do poema pareceronlle ao xurado de extremo interese.*

*Así mesmo, Federico foi galardoado co primeiro premio do Conservatorio de Música de Ferrol. Temos ante nós a un honrado triplemente. En música e poesía, cos máis senlleiros loureiros.*

Mariano Durán

Ben tarde nos decatamos. Decatámonos agora daquilo no que non caíamos na conta de que remataríamos por decatarnos. Pero antes el xa estaba. Saudamos onte a elegancia da súa detonación xorda? Celebramos aquel

rumor non demasiado axitado, aquela especie de saber (case pelexada coa determinación de) chegar a ser?

Afeitos nos tiña ao seu andar musitado, ao aire pensativo na mirada que escoita lonxitudes pura entrega. E vemos: perfílaselle un intanxible, pessoano sombreiro. E o xesto irrevogable. E a promesa infalible. Agora!

E acaso, como na deusa, a piedade do machadazo. Que xorde o que xorde dunha gran dor de cabeza. Que é unha arma a súa escritura para axudar en... que guerra? Non naquela de Minerva, vencedora do tridente (foi sempre máis en Atenas o oliveiral que o cabalo), contra todos os xigantes que atordaban ao seu pai, senón nesa que mal libramos contra o estúrdigo rampante.

Por cantas outras deidades non está determinado? Do demo meridiano que axexa na maleza, non sei se máis afectos ten á parte do da fruta. Canas que mexe o vento, canas que Pan abraza.

E a canción curadora e a lira de Apolo.

Unha adhesión nos seus ollos ao mirar dos seus oídos. Pero por cantos deuses non está conducido!



Entrega dos Premios Minerva, Santiago, 20/05/2009. Foto El Correo Gallego. Federico aparece abaixo, á esquerda.

# Especial Darío Xohán Cabana

## PRESENTACIÓN



O retrato de Darío é de Mercedes Fernández Díaz

Naceu en Roás da Terra Chá, Lugo, o 19 de abril de 1952. Na escola de Roás de Riba cursou os primeiros estudos e no instituto Masculino de Lugo, o bacharelato.

Foi educado dentro do ideal comunista pola xente máis vella da súa familia, que pertencera á Frente Popular. Desde o ano 1968, entrou a formar parte da Unión do Pobo Galego, e, dende entón, milita na esquerda nacionalista.

O 10 de febreiro de 1974 casou con Amelia Outeiro Portelo. No 75 naceu a súa filla Alexandra e no 81 o seu fillo Martiño.

Traballou con Xosé María Álvarez Blázquez nas Edicións Castrelos. Funcionario por oposición, desempeñou o posto de garda municipal en Corcubión e, en Lugo, foi o encargado do Auditorium Municipal e o responsable da preparación e xestión de publicacións do Concello, posto, este último, que desempeña desde o ano 2004.

O 22 de abril do 2006 ingresou na Real Academia Galega cun discurso titulado *De Manuel María a Méndez Ferrín*, a grande xeración.

Como colaborador en publicacións periódicas, salienta o seu labor como corrector lingüístico e de estilo n' *A Nosa Terra* (1978), a súa pertenza ao Consello de Redacción da revista *A trabe de ouro* (desde a primeira publicación, no ano 1990) e a realización diaria, desde 1987, dun encrucillado para *La Voz de Galicia*.

Darío Xohán Cabana ocupa un lugar sobranceiro entre os poetas, narradores e tradutores da literatura galega.

A súa obra poética, da que citamos títulos como *Verbas a un irmao*, *Romanceiro da Terra Cha*, *Ábrelle a porta ó día*, *A fraga amurallada*, *Amor e tempo liso*, *Patria do mar*, *Canta de cerca a morte*, está reunida no volumen titulado *Vinte cadernos. Poemas 1969-2002* (Xerais 2003).

Polos seus libros de poesía recibiu, entre outros moitos, os premios Cidade de Ourense, Celso Emilio Ferreiro e Martín Códax.

Foi galardoado así mesmo con algúns dos premios de narrativa máis prestixiosos outorgados en Galicia. Así, *Galván en Saor* (que vai pola duodécima edición, con máis de

40.000 exemplares vendidos) e *O cervo na torre* foron Premio Xerais de novela nos anos 1989 e 1994, respectivamente, e *Vidas senlleiras* recibiu o Premio Cidade de Lugo no ano 1992. Cabe mencionar, tamén, entre as súas mellares novelas, *Fortunato de Trasmundi*, *Cándido Branco* e *o Cabaleiro Negro* e *Morte de rei*. Para o público infantil e xuvenil escribiu, entre outros libros, *As aventuras de Breogán Folgueira*, *O avión de Cangas*, *O castro de ouro* e *Cucho Cacho*.

A partir de 1984 dedicouse intensamente á tradución de poetas italianos. Traduciu o *Cancioneiro* de Petrarca e *Antoloxía do doce estilo novo*. Tamén deu cabo a unha versión de *Os tres mosqueteiros* (que o autor recorda como a primeira novela que leu) e ten en preparación unha tradución dos poetas occitanos.

A tradución de *Vida nova* de Dante gañou o premio Ramón Cabanillas e pola tradución da *Divina comedia* do mesmo autor, concedéuselle o Premio Otero Pedrayo en Galicia e o 25 de maio de 1991, a Medalla de Ouro da cidade de Florencia.

Laura Suárez Llano (Coordinadora do ENL)

## Entrevista a Darío Xohán Cabana

Entrevista realizada por Mercedes Fernández Díaz (Educación infantil)

Entramos na casa de Darío. Ese home que parece un veciño máis, amable, cun sorriso cheo de fraternidade e unha mirada limpa e humilde. Porén, impresiona un pouco atoparse alí no fogar, no reduto privado dun persoeiro tan grande, que é amigo dos máis grandes poetas e literatos galegos, o escritor máis premiado, o tradutor de tan grandes obras clásicas, e o creador dunha obra literaria que abraia pola súa cantidade e repercusión.

Fronte a el, enténdese ben por que está aí, no cumio da galeguidade, pois el mesmo e o seu entorno reflicte ese espírito combativo dos primeiros tempos e esa posición rexa nas súas conviccións, despois de moitos anos de loita activa a prol da lingua e a cultura galegas.

Comezamos a falar. Darío transfórmasse no rei Artur, ou no seu sobriño Galván, ou por momentos no sabio Merlín. Na súa mirada existe un brillo de valentía, de valentía dos cabaleiros medievais coa súa armadura brillante. A súa expresión orgullosa amósanos o seu interior, a súa raza: ser dun país que se chama Galicia; e esa galeguidade transpira por todos os poros da súa pel. El mesmo é o carballo que enraíza nas terras de Romeán, pero as súas longas ramas abranguen todo o país, chegando a todos os recantos.

—**Que é para ti a literatura?**

—É moitas cousas diferentes. A literatura —a escrita e a non escrita— é unha cousa que ó fin e ó cabo está na esencia da humanidade. A invención da poesía leva milenios condicionándonos e sendo moitas cousas para todos nós... Para min é un oficio, pero un oficio no sentido de profesión, no sentido de educación, no sentido de devoción por el; e tamén é unha ferramenta, en certo modo, de construír o país, para sermos hoxe unha nación coa fondura, coa rique-

za e a emoción coa que nos sentimos galegos. A literatura é importante para nós porque as nacións que non temos Estado precisamos arrouparnos por ela para sentírmolos país.

—**Cal é a función da poesía?**

—A poesía parece que é minoritaria, e de feito é minoritaria a lectura de poesía, pero a poesía é outra cousa. A poesía quedou reducida con respecto ás súas funcións anteriores. É que antes, a poesía era canción, e hoxe séguese sendo tamén, o que pasa é que antes había unha canción dos trovadores que era excelente dende o punto de vista poético, e hoxe a excelencia poética non é moi frecuente na canción, aínda que tamén existe, claro, hai moitos cantores que cantan realmente cun discurso poético bon. Nese sentido é necesaria, no sentido de que vai coa canción; no outro sentido, na forma moderna de ler a poesía en libros e voz baixa, si é realmente unha cousa moi minoritaria, pero é unha cousa que, aínda sendo minoritaria, ten potencia, porque constitúe case o substrato fundamental, o alicerce fundamental dunha literatura.

—**Como nace ese interese e ata que punto está presenta a mitoloxía celta na túa literatura?**

—Está moi presente, porque durante moito tempo, e agora tamén, lin con moita atención a literatura irlandesa medieval, a literatura galesa traducida das linguas orixinais e tamén a literatura artúrica, a literatura que ten que ver cos *Lais* de María de Francia, coa literatura francesa deses grandes temas da Bretaña, fundamentalmente, pero tamén con toda a tradición da épica irlandesa. É unha especie de capricho, pero é un capricho de Pondal, e é un capricho de Cabanillas, de Cunqueiro e de Ferrín. É un capricho que ten unha tradición enorme. Houbo un momento que polas terras de Ferrol ou por cerca, alá polo século XV e principios do XVI, había unha cantidade de persoas enorme que lles chamaban



Galván ou Lanzarote ou Guenebra ou Briolandia, ou calquera destes nomes que viñan da materia de Bretaña, e podía ser doutra maneira, pero os pobos que estamos en relación cos fisterres atlánticos -e isto é certo, non é mito romántico ningún, é historia pura e arqueoloxía pura e realidade pura- dende hai milleiros de anos, compartimos unha serie de trazos culturais que aínda hoxe se seguen mantendo, non só no nivel dos intelectuais, tamén no nivel dos mariñeiros que van ao Gran Sol, que se encontran cos mariñeiros de Bretaña e cos mariñeiros de Irlanda e que manteñen aínda hoxe, no tempo en que estamos, unha relación privilexiada.

—**Que símbolos están presentes en Galván en Saor?**

—Fundamentalmente, por detrás de todo, está sempre o mito do Grial. O mito do Grial, que é un mito con dúas caras: existe unha forma positiva do Grial, cristiá, que é o cáliz da derradeira cea, eucarístico; pero tamén existe un mito moito máis antigo, un mito que ten aspectos terribles, como por exemplo, o caldeiro da resurrección, que aparece nunha gran batalla de Irlanda. É un caldeiro que ferve, onde botan os guerreiros

mortos, e os guerreiros reciben a vida de novo, pero saen mudos, saen convertidos en autómatas. Un mito horroroso. Eu asimileino co fascismo, coas formas máis teatrais de fascismo, pero non a italiana, senón a forma alemá do nazismo, esa que se ve moito ben nunha película estu-penda do Indiana Jones.

**—Cales son as tendencias da túa narrativa?**

—Creo que todas menos o realismo inmediato, menos o realismo social. Eu tendo máis cara á construción fantástica. A novela realista é case a única cousa que non me interesa escribir; digo escribir, porque, despois, lela, si me interesa. Eu identifícome máis coa construción fantástica.

**—Que relación existe entre a literatura galega e o nacemento e evolución da ideoloxía galeguista?**

—Total e absoluta. Grazas a ela fíxose unha nación literaria. Isto é moi importante lembralo. No século XIX existe un grande fito: a aparición de Rosalía, que é un xenio absoluto; logo e inmediatamente, veñen Curros e Pondal. Son tres grandes poetas que teñen un vigor tan enorme na literatura e na nación que, por influencia directa ou indirecta deles e pola dun tal Manuel Murguía que dicía que “facía os outros”, je fais les autres -no senso de que foi o artífice da literatura dos outros- hai aquí un artefacto moi poderoso, que é co que nós nos identificamos en gran medida, e que significa que a literatura e a ideoloxía galeguista van unidas.

**—Está realmente o movemento cultural galego, aínda que moi activo, creativo e loitador pola lingua, de costas á realidade social?**

—O escenario é moi amplo e demasiado variado para dicir si ou non; é dicir, haberá partes que efectivamente estean de costas, pero no seu conxunto creo que non, pois a cultura nace da sociedade e forma parte dela. Por exemplo, nestes momentos existe un gran movemento cultural nacional que está moi vivo, sobre todo a escultura, máis, neste momen-

to, que a pintura ou outras formas de arte. Estamos nun momento grande, a pesares da situación política galega. Non cabe dúbida de que a arte vai sempre por diante da sociedade de masas, pois é máis libre e está fóra das ataduras do predominio castelán e das institucións.

Pero a política cultural... Por exemplo, no cine, somos capaces de gastar unha cantidade enorme de cartos e de capacidade de propaganda a favor dunha película como a de Cuerda, que acaban de facer, con moito custo para o tesouro público galego e que, eu non a vin, pero ó parecer é unha merda; e, sin embargo, unha película como a que fixo Antón Dobao hai pouco, que se chama *A Mariñeira*, que é unha excelente película, non ten difusión, porque, claro, como é nosa, non vale, non?; é dicir, ten que vir o Cuerda para facer unha película que despois resulta ser unha merda, non?, pero que ten o prestixio do nome e o de ser extranxeira; é dicir, que no fondo somos uns auténticos colonizados. Existen hoxe persoas que fan cine e que fan cine moi ben: Antón Dobao, Margarita Ledo Andión, e hai unha serie de xente que está na televisión e que fai moi ben o seu traballo; pero nin temos sistema, nin temos a conciencia de que ás veces somos mellores que os máis, e, polo regular, somos tan bos polo menos.

**—Que pensas de que parte da sociedade poida ver como un atraso que se estude e dignifique o galego?**

—Ben, a estupidez debía esta prohibida, pero non o está. Entre esas persoas que están en “Galicia bilingüe”, hai moita xente que procede da dereita de sempre, pero é curioso, tamén hai unha cantidade de traidores e de chaqueteros que proceden do PC, que proceden de posicións de esquerda... É dicir, é unha cousa feita por traidores, feita moi fundamentalmente por traidores; e non penso só en Rosa Díez, penso en moitos máis. É que eso é tan idiota, que realmente non merece discusión.

Como é posible que persoas que teñan un coeficiente de intelixencia digno sexan capaces de pensar que hai persecución lingüística en Galicia contra o castelán?, cando eso é absolutamente falso. Eso non é que o pensen, é que son canallas. Non se pode discutir con eles. Que digan o que queiran, porque non llelo podemos evitar, nin queremos, cada quen que diga o que lle pete, pero discutir con eles é absolutamente imposible, porque non atenden a razóns; eles son canallas, son persoas malvadas, son persoas que odian o pobo.

**—Podes comentarnos o teu ingreso como académico de número na Real Academia Galega? Que papel ten que xogar a Academia no futuro da lingua?**

—Eu non o sei. A Academia ten papeis simbólicos moi importantes, e ten papeis históricos moi importantes, e ten papeis legais moi importantes; entre estes últimos, a fixación da norma e do que é galego correcto; pero o traballo está en todo o país, o traballo de estudo e de cultivo da lingua está en todos os filólogos e en todos os escritores que traballan polo país, que son centos, ou mesmo milleiros; e non só neles, senón que está tamén noutras persoas. Eu que sei. Para fixar o nome que se lle ha de dar dunha maneira oficial, ou habitual, a unha especie de bicho, tamén un biólogo ten moito que dicir, non ten só que dicir un filólogo. Despois, en realidade, quen ten que facer a lingua, quen fai a lingua son os pobos, evidentemente, e sobre todo na situación dunha lingua como a nosa, que está cercada e premida, tamén dende o punto de vista da propia estrutura lingüística, non só en canto que se use máis ou menos, senón tamén en como se usa: moi afectada polo contaxio, pola presión do castelán, e doutros idiomas, pero sobre todo polo castelán. Poderíase pensar: entón o galego, desde que deixou de ser unha lingua de cultura, alá polo século XV, deixou de ser



unha lingua normal do país; pasou a ser unha lingua subalterna; dende aquela o galego é unha lingua reducida, digamos, a dialecto; entón pasa a ser unha lingua que non vale, unha lingua torpe; pero non, a lingua seguiu evolucionando. É o curioso: seguiu enriquecendo, seguiu depurando; o pobo seguiu creando lingua, seguiu creando sintaxe. Por exemplo, prescindiu de certas formas sintácticas para reforzar outras, e fíxoo en toda Galicia ó mesmo tempo. A lingua seguiu evolucionando e seguiu metendo palabras de fóra, palabras que facían falta: meteu anglicismos que non están no castelán, por exemplo, piche e outras; meteu unha serie de palabras que proceden das palabras francesas da carpintería, do mar, que proceden da mariñería; meteu e creou novas formas para adaptarse; e a lingua seguiu sendo creadora, non só no aspecto dos oficios tradicionais, en todo, en todo. Non é tan real eso de que unha lingua cando deixa de ser escrita, cando deixa de ser a lingua dos donos, dos amos da sociedade, deixa de SER. Á parte de que o galego non deixou exactamente de ser a lingua dos amos: a fidalguía residente seguiu falando galego ata que desapareceu e os curas que naceron aquí seguían falando galego. Entón, a lingua non é só unha cuestión de Academia, o que pasa é que a Academia ten unha función rectora e unha función simbólica importantísima, que está cumprindo ben, ao meu entender.

—**Que che gustaría ver no panorama cultural da nosa terra de aquí a dez anos?**

—Eu o que quería era fundamentalmente que houbera unha cousa con respecto á lingua: que o pobo galego

-un pobo galego que ama a súa lingua, pero que a ama dunha maneira excesivamente platónica- que o pobo amase a lingua dunha maneira máis carnal, para que se invertise a tendencia, a tendencia que existe a non transmitir ós fillos a lingua, e que o galego recuperase falantes, desde a infancia. Para conseguir isto, hai dúas formas, e as dúas son necesarias, e as dúas son complementarias, e as dúas teñen que darse. Unha delas é camiñar cara á inmersión lingüística no ensino. Nós temos que darlle a volta a cincocentos anos de historia negra. A nós estannos debendo, nós non debemos nada, a nós estannos debendo catrocentos ou cincocentos anos de persecución real da lingua, de estirpación real da lingua, entón temos que facer algo de forza no sentido contrario; non digo impoñer, eh?, digo poñer aí, como se fixo en Cataluña, e deu uns resultados bárbaros. Outra cousa é a toma de conciencia das persoas de que a beleza nosa como país e como xente está realmente na lingua, na transmisión da lingua ós nosos fillos. A xente que non transmite a lingua galega ós seus fillos, ben, está no seu dereito, ninguén llo vai negar, non?, pero está cometendo unha traizón a todos os seus antepasados, está mexándolle pola memoria, enriba da memoria ós seus pais, ós seus avós, ós seus bisavós, a súa xente e ó seu país.

—**Que papel xoga a túa familia no teu devir no mundo? Sei que os teus pais foron fundamentais, polo seu posicionamento político, nun tempo no que non era doado. Que supón para ti a túa muller e os teus fillos? Tampouco foi doado para eles ó principio, supoño...**

—Non, é dicir, doado vivir non é. A vida para Amelia e para min non resulta doada ás veces. Foi economicamente apurada ou difícil, ou laboralmente moi accidentada, pero Amelia e máis eu compartimos a mesma orixe de clase: ela de mariñeiros, de obreiras da conserva e eu de labradores pobres, compartimos a

mesma visión do mundo, compartimos o ateísmo, compartimos o amor pola patria, compartimos a crenza na fe comunista; e os nosos fillos, pois, máis ou menos, criámoslos nesa idea, e, afortunadamente, permaneceron nela. É unha vida que, por moitas dificultades que teña ou que tivera nalgún tempo, pois é unha vida feliz. E tamén foi a infancia unha época realmente feliz, aínda que daquela me cabrease porque me mandaban ó mellor alindar as vacas e eu quería facer outra cousa, pero foi unha vida moi feliz. Meu pai ensinoume o comunismo, o antifranquismo e a conciencia da galegitude. Miña mai desto non quería falar. Eran aqueles tempos negros. Aínda se lembraba moi ben de seu tío, que fora tenente do exército republicano e fora condenado a morte, aínda que conseguira librar.

—**A quen vai dirixida a túa obra?**

—A quen a queira ler, pero é que en realidade, se o penso ben, os meus poemas, sobre todo os meus poemas, pero tamén os meus relatos, en realidade están dirixidos a xente coma min, o que pasa é que eso é instintivo. Un escribe, realmente un escribe en moitos aspectos para si mesmo e para as persoas máis estritamente próximas, entón, cando pensa no lector -aínda que mentras un escribe non pensa exactamente nun lector- ese lector tería que ser aproximadamente parecido; despois encóntrase un con sorpresas enormes, e lete xente coa que ti en principio non téas nada que ver: vidas totalmente diferentes, idades totalmente diferentes; e, sen embargo, chega a haber esa comunicación. É que, en realidade, un escritor galego coma min, non sei se outros, cando escriben, tamén participan na construción dun edificio; e ese edificio, como é referencial dunha nación, como ten unha función nacional, unha función simbólica, pois ó mellor é que os escritores nas linguas como o galego, e nas nacións como Galicia, non somos exactamente o mesmo que os escritores noutras

linguas; incluso, ás veces, temos un plus moi difícil de levar, que é un plus de exemplaridade, que parece esixírsenos: o plus de representación; é dicir, hai unha parte do pobo galego -e tal vez sexa a millor- que está equivocado, pero cre que os escritores dalgún modo representan o espírito da nación; entón, e precisamente por eso, ás veces un encóntrase coa sorpresa de atopar xente tan diferente que le as cousas dun, e hai un punto de contacto que non parecía haber pola biografía persoal de cada un, pola idade que tivese, pola formación que tivese cada un. O edificio ese é unha bandeira; entón, detrás dela, imos todos.

**—Que lle dirías a un/unha rapaz/a de Ferrol que se desenvolveu nun ambiente castelán falante e que, porén, lle interesan as súas raíces e quere entrar a formar parte da comunidade lingüística e literaria galega?**

—As súas raíces, ou non as súas raíces, porque, eu non creo en absoluto no sangue. Eso que algúns chaman o *ius sanguinis*, non existe, o que existe é o *ius soli*, e Ferrol está dentro dun país que se chama Galicia, e comparte toda a historia dese país, que non ten que ver co sangue, non exactamente. Evidentemente, desde o punto de vista dos que somos galegos de sempre -porque nacemos aquí e porque somos fillos de xente que é de aquí- pois, claro, temos unha cousa máis que nos inclina cara ó galego. E que... se os nosos pais non o falaron, os nosos avós, e os nosos bisavós si que o falaron. É evidente que é o idioma da nosa estirpe; pero eso, en definitiva, non é o máis importante, o que importa é que é o idioma do Pórtico da Gloria, e é o idioma da ría de Ferrol, é o idioma de toda a xente que fixo a paisaxe -esta paisaxe tan humanizada do noso país-, é o idioma da xente do mar, é o idioma da xente da terra; entón, incluso as persoas que non proceden de estirpes galegas, pero que viven en Galicia, deben estar vinculadas con esa gran

tradición, porque esa gran tradición non ten que ver co sangue, ten que ver coa terra fundamentalmente, coa terra e co pobo do que todos formamos parte.

**—Como derradeiro, gustaríache compartir connosco algunhas lembranzas da túa mocidade na época dos 60, 70 na que coñeciches a tanta xente tan interesante como Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Méndez Ferrín... Pensas que toda esa xente ve recoñecida a súa labora?**

—Sí, e se non, é igual. Evidentemente, Manuel María ou Celso Emilio Ferreiro forman xa parte dun mito estable, do mito permanente canonicado pola morte, e Méndez Ferrín é evidente que hoxe é recoñecido como o maior dos escritores nosos; claro, rico non é, pero eso non ten importancia ningunha. Está recoñecido polos seus, e ese recoñecemento xa se dá no propio feito de escribir. É dicir, dende o momento no que un fai un poema, xa está realmente pagado, porque o fixo; se hai cinco persoas que o len e comulgan con ese poema, xa é máis que suficiente; todo o demais é un premio xa excesivo.

Non hai que plantexalo en termos de recoñecemento, porque entón teríamos que empezar a pensar en que había que lles recoñecer ao mellor máis ós médicos. Morre un bon médico e a ninguén se lle acorda facerlle unha homenaxe nin cousas así, ou ós bos arquitectos (que tamén os hai malos), que prestan moi bos servizos, ou ós bos carpinteiros, ou á xente toda que fai un barco, que constrúe ben calquera cousa; é dicir, todos os oficios son igualmente nobres, excepto os que son innobres, claro, que tamén os hai, pero os oficios nobres son todos igualmente nobres, todos merecen un recoñecemento e ningún merece máis que os outros. O que pasa é que no noso país encóntrase eso, que como é un país sen acabar, un país sin cumprir, unha nación sen acabar de facer, os escri-

tores parece que reciben máis gratitude da que lles é debida. Eu levo corenta anos no mundo das letras galegas, que cando eu entrei era moi pequeniño, e publicábanse dez ou quince ou vinte libros ó ano e coñecíámonos todos, todos chagabamos a ser amigos, aínda que ás veces fósemos inimigos por outras razóns, pero había esa fraternidade da lingua, esa fraternidade case masónica da lingua. Eu recordo que, cando presentei o meu primeiro libro en Vigo, fun con Manuel María, e alí estaba xente como Xosé María Álvarez Blázquez e Emilio Álvarez Blázquez; ou estaba xente como Cuíña, que xa me parece que morreu; ou estaba xente como Franco Grande, que en realidade non era amigo noso, nin compañeiro, nin cousas desas; e estaba xente do máis diverso, porque estabamos unidos por esa cousa do amor da lingua e da literatura. Despois, o mundo, pois claro, ampliouse enormemente; xa nos últimos anos do franquismo, que houbo un pulo enorme -liderado pola editorial para a que eu traballaba, por Edicións Castrelos-, pola divulgación do libro galego; e despois cambiaron as cousas, e cambiaron dun modo moi favorable, e entón o mundo da literatura galega aumentou dunha maneira tan enorme que hoxe xa non coñezo os meus colegas ou a moitos dos meus colegas. Daquela si, daquela coñecíaos todos.

Dicimos adeus, imos con nostalxia e con pena de non ter toda unha vida para sentarse no cabo do mundo canda el mirando ao mar, deixando que as gotas de auga salgada nos arrefríen a cara, mentres o seu discurso sen fin enche o ar e enche a nosa imaxinación e o noso espírito; pero témonos que conformar con seguir lendo os seus poemas e os seus grandes relatos, esa parte que nos deixa compartir do seu grande mundo interior.

Romeán, 2009

## Galván en Saor e O cervo na torre

*Galván en Saor* e *O cervo na torre*, libros de Darío Xohán Cabana, teñen para min trazos moi especiais dentro da nosa literatura. Tras ler *A esmorga* de Blanco Amor, ou *O porco de pé* de Risco, calquera obra de Castelao ou doutros escritores galegos, atopei nestes libros unha forma moi distinta de escribir. Xa non me refiro soamente ao uso tan especial dos verbos en presente que emprega o narrador n' *O cervo na torre* ou no relato de guerra en *Galván en Saor*. O que digo é a forma sinxela de contar a historia, sen recorrer á utilización de expresións longas que ralentizan o discurso das obras que lin ata este momento de autores galegos, unha técnica asolagada de retranca, que incluso pode vela en autores como Manolo Rivas.

A mestura de tempos, a inmersión repentina nos soños e a excelente incursión na materia de Bretaña son os puntos máis orixinais que vexo en *Galván en Saor*. Ademais do xogo que se lle dá á historia do rei Artur, a piques xa de morrer, cos anos de decadencia do seu reinado, está o fatal destino que Galván espera, e que comparte connosco practicamente dende o principio do libro. O real, o imaxinario, a lenda, a verdade, proporcionan a esta novela un carácter único e ben valorado polos lectores.

Noutra obra de Xohán Cabana, *O cervo na torre*, volve a aparecer esa gran característica -que distingue a súa obra do resto- de contar a historia sen voltas, porque a historia xa é en por si bastante densa. Para situar os feitos no tempo, tiven que ler unha boa parte da novela, porque entre cabalos, coches, estradas e batallas é difícil ver a proximidade da historia ficticia que se conta no libro. O gran García, o xefe Castromao, a historia contada centrándose no Fidel e a información oculta proporcionan á historia unha morea de ocos que se irán enchendo a medida que se avanza no libro, descubriendo pouco a pouco a importancia que non se lle concedera a Fidel Carballo, tan preocupado pola súa familia.

En fin, dúas obras entre as que non se pode elixir, porque cada unha gustará máis ca outra no momento de lela, pero as dúas teñen a súa maxia, arroupadas pola maxia que xa ten en por si Galicia.

Laura García Aramburu (6ªA)

## O cervo na torre



Aínda que, sinceramente, nos primeiros capítulos atopeime perdida entre a que me parecía unha orixinal pero incomprendible mestura de ficción e realidade, o libro rematou por gustarme.

Unha vez mergullada no afervoadado discurso do comandante García, na angustia de Fidel, no humor xove do vello Castromao, na tenrura de Laura ou no talante compasivo de Reinaldo Carballo, entendía que, se cadra, o máis importante non era achar a difusa liña que separaba o mundo real do mitolóxico, senón deixar que os personaxes, as paisaxes e a acción me contasen a historia dun pobo ouzado e defensor da terra.

Non demasiado tarde decateime de que *O cervo na torre* é, á vez, retrato e chamamento a Galicia. Retrato da súa nobreza, da súa capacidade sobradamente demostrada para erguerse contra o poder opresor, da súa sinxeleza e candidez, do seu optimismo que aflora mesmo nos momentos máis escuros. Chamamento á unión de forzas se for preciso, ó espertar cando os dereitos lexitimamente obtidos son pisoteados.

En resumo, eu recomendaríao, pois as dificultades que implica a súa lectura son felizmente recompensadas cando a comprensión da obra abre os ollos do lector a novos xeitos de interpretar a nosa literatura.

María García Garrote (6ªA)







### A MEIGA E O PESCADOR:

En Corcubión, non lonxe de Fisterra, aló onde están as extremidades do mundo, había un pescador que era xove e fermoso, e todas as rapazas do país querían converterse na súa dona. Pero o pescador non se daba présa en casar. Levaba unha vida tranquila, traballando só para poder vivir honradamente e de modo algún pensaba en atesourar para asegurar a súa velez.

Un día que fora visitar uns parentes nun casal alonxado, cando volvía por un atallo, tropezou cunha meiga que estaba sentada no tronco dunha árbore. Saudouna amablemente, como facía sempre que se atopaba cunha muller. Porén, sabíache ben que era unha meiga, pois tiña os ollos demasiado claros para pertencer á raza dos humanos.

—Onde vas, gallardo rapaz?, —dixo.

—Volto á casa, —respondeu.

—Regresarás á túa casa cando eu queira —dixo a meiga—. Primeiro hasme prometer casar comigo.

Considerouna atentamente. Era xove e moi bela, pero era unha meiga. Sabíache ben que non era posible casar cunha muller así.

— Non che teño intención algunha de casar —respondeu o mariñeiro—, nin contigo nin con ningunha outra.

— Será comigo e con ningunha outra —díxolle ela—. E se non me queres prometer tomarme algún día en



matrimonio, heiche facer a vida imposible.

— Non che hei prometer nada de todo —exclamou o pescador.

E, sen esperar máis, retomou a marcha e voltou á casa. Alí tivo que prender o lume na lareira para preparar a cea, pero por moita leña seca que puxo e por moito golpe de chisqueiro, non foi quen de acendelo. Resignado, comeu frío e deitouse cedo. E ó día seguinte, ergueuse e preparouse para ir ó mar. Agarrou os aparellos, puxo os remos ó lombo e dirixiuse ó porto. Desatou o seu bote e foise para pescar.

Facía bo tempo e había moi pouco vento. Pronto o pescador sentiu que

un sopor lle andaba a pesar na cabeza. Deixou de pescar e deitouse na barca, dicíndose que un soniño faríalle ben.

Durmiu cáseque todo o día. Esperitou de golpe ó sentir que alguén lle apalpaba as pernas e lle dicía baixiño:

— Oh, que perniñas tan boas!

Despois sentiu que lle apalpaban as coxas, e a mesma voz murmuraba:

— Oh, que coxiñas tan boas!

Ergueuse, pero non viu a ninguén. Estaba só no bote e o bote estaba ancorado nunha enseada rochosa, á parte de todo.

Non había alma vivente na ribeira, e o mariñeiro atopabase moi perplexo.



xrs: Dornas en A Pobra do Caramiñal

De sócato, oíu a mesma voz dicir, moito máis forte:

— Tráeme a machada para que lle corte as pernas e as coxas!

O pescador suaba de medo, pero non soprou palabra. E no entanto, a voz repetía:

— Oh, que perniñas tan boas! Oh, que coxiñas tan boas!

E iso cada vez máis forte; e, en breve, foi unha voz de trono quen gritou:

— Traédeme a machada!, traédeme a machada!

Nese momento, algo saltou fóra do barco e púxose a nadar a grandes brazadas coma un peixe. O pescador non comprendía o que lle pasaba. Esperou sen se remexer e sen dicir nada. Por fin, cando o ruído acalmou, el mesmo se deslizou fóra do bote e acadou a costa. Xa nela regresou á súa casa a todo meter, sen esperar a que o fenómeno se repetise.

Cando quedou curado, decidiu volver á pesca; pero, en canto saíu da casa, tropezou coa meiga. Estaba sentada sobre un penedo á beira do camiño e mirábao con ollos brillantes.

— Bos días, meu rapaz —dixo—. Tés reflexionado no que che pedín o outro día? Vasme prometer que casarás comigo?

— Eu non prometo nada de todo a ninguén! —exclamou o pescador de moi mala uva.

E foi cara ó porto. Colleu o bote e foi pescar pola ría, pero, cando se abaixaba nun lugar para ver se había peixes, viu, no fondo do mar, un vello baúl estragado que ceibaba montóns de pezas de ouro que chispeaban por todas partes. Sen perda de tempo, arriou o rizón e, despoxándose da roupa, mergullouse.

Cando chegou onda as pezas de ouro que vía, tendeu as mans e apañou dous puñados completos. Entón, remontou axiña deica o bote e depositou alí o botín, pero, para o seu espanto, viu que eran pedras as que se atopaban no barco.

—Equivoqueime! —exclamou—.

Coas présas, recollín calquera cousa. Mirou debaixo do mar e viu aínda o baúl coas pezas de ouro que lle saían. Mergullouse de novo, pero esta vez, tomara a precaución de levar un saco, que tiña no bote. De présa, xa no fondo do mar, encheu o saco e voltou á barca. Despois de se izar a bordo, recuperou a respiración e derramou o contido do saco no bote, pero só eran croios.

Daquela escoitou unha voz que dicía baixiño, e logo cada vez máis forte:

— Quen demasiado ambiciona, sen nada queda!, quen demasiado ambiciona, sen nada queda!

Por máis que o pescador miraba no seu entorno, non había ninguén nos arredores. Estaba só naquela parte da costa, e unicamente as gaivotas se arremuiñaban á espera de recoller algúns peixes que el pescaría, pero estaba tan decepcionado porque as pezas de ouro que vira non eran máis que pedras, que lle subiu a febre e quedou quince días na cama enfermo.

Cando curou, decidiu ir pasar o serán á pousada. Saíu da casa, e, na entrada da vila, atopeuse coa meiga. Estaba sentada nun banco e era máis bonita que nunca, pero os seus ollos eran tan brillantes que custaba traballo soste a súa mirada de tanto que resplandecía e lastimaba.

—Queres casar comigo? —preguntou a meiga.

—Non casarei con ninguén!— respostou o pescador.

E foi dereito á taberna. Alí fartouse de beber cos amigos, e era xa moi tarde cando se quixo ir. A noite era moi escura. Felizmente, coñecía perfectamente o camiño que levaba á súa casa.

Pois ben, cáseque chegara cando avistou unha fermosa luz que parecía surxir da terra. Acercouse e abaixouse para examinar o que era. Entón viu un corredor que se abría baixoterra e que semellaba devir cada vez máis ancho. Intrigado, quixo saber máis. Meteuse polo furado, seguiu o corredor e desembocou nunha vasta sala onde a luz surxía inexplicamente de todas as paredes; e, non obstante, na sala non había nada, nin sequera o máis pequeno vestixio dunha lámpada que puidese provocar esa luz.

Andaba nestas cavilacións cando se sentiu agarrado polas pernas e polo brazo. Algo que non vía termaba del e obrigábao a se deitar no chan, e unha voz dixo docemente:

—Oh, que perniñas máis boas!

Outra voz pareceu responder:

—Oh, que coxiñas máis boas!  
A primeira voz continuou:  
—Oh, que braciños tan bos!  
A segunda voz dixo aínda:  
—Oh, que manciñas tan boas!

O pescador estaba aterrorizado. Trataba de se pór de pé, pero non podía, pegado como estaba ó chan por unhas mans que non vía, pero que asemellaban moi poderosas. Entón, unha terceira voz dixo cun ton moito máis forte:

—Oh, que cabeciña tan boa! Oh, que cabeciña tan boa!

Pero o que acrecentou o terror do pescador foi o ver unha machada paseándose polo aire e dirixíndose cara a el. A machada xiraba por enriba da súa cabeza e ó ser invisible quen a manexaba, parecía querer cortarlla.

—Auxilios! —gritaba o pescador. Daquela viu como se aproximaba a meiga. Agarrou a machada coa súa man branca, e cando a tivo ben suxeita, a machada desapareceu. E o pescador sentiuse liberado das mans invisibles que o mantiñan no chan. Ergueuse e mirou á meiga. Era máis bela que nunca e os seus ollos aínda máis brillantes que as outras veces. Sorría e fitaba o pescador con moita dozura.

O pescador estaba aliviado ó ver que a meiga se atopaba alí.

Acababa de o librar dunha situación atroz e tiña a esperanza de que o axudaría a saír deste estraño lugar onde endexamais debería ter entrado.

— ¿Queres casar comigo?— preguntou.

O mariñeiro nin sequera se escoitou responder:

—Si, dixo, con moito gusto.

O mozo casou coa meiga, polo que se conta, e deixou o traballo de pescador. Estableceuse coa súa dona nunha colina, no medio dos bosques, e ninguén soubo nunca de que viviron, pero tiveron numerosos fillos, e, aínda actualmente, son descendentes da meiga e máis do pescador aquelas a quen os homes atopan ás veces,

pola noite, cando a escuridade invade a terra. E esas mulleres sempre fan a mesma pregunta:

—Queres casar comigo?



## A LAGOA DA SERPE

Na Lagoa da Serpe, na serra de Pena Trevinca, dicíase que antigamente había unha serpe moi grade temida por todos.


Segundo di a lenda, nas noites de lúa chea, esta serpe convertíase nunha fermosa muller e, cando un mozo lle acertase cun salivazo na boca, esta habíase converter nunha fermosa muller e casaría co mozo.



Unha noite de lúa chea, un mozo da aldea de Ponte, que é a máis próxima á lagoa, foi ver a serpe e topouse coa fermosa muller. Entón esperou ata que abriu o día e, cando se converteu de novo en serpe, cuspiulle na boca. Nese intre volveu aparecer a fermosa moza que el vira pola noite e casaron os dous.



A Lagoa da Serpe está na Pena Trevinca. A lenda di que toda persoa que beba da súa auga morrerá e que se te metes nela, sómete para dentro. Xa houbo un caso dunha persoa que foi sumida para dentro, pero non se sabe de xente que morrese por beber a auga, porque ninguén se atreve a facelo.



## OS AVISOS DA MORTE

Un rapaz atopouse coa morte unha vez e fixéronse moi amigos. Entón o rapaz díxolle á morte que, xa que eran amigos, que lle ía pedir un favor: que se podía avisar antes de ir por el, que así podería divertirse mellor. A morte prometeulle ó rapaz que así o faría. Despedíronse e pasaron moitos anos sen que o rapaz recibira ningún aviso da morte. Pero un día presentouse a morte diante do rapaz, que agora xa ía indo vello e díxolle que viña por el. O home, todo asustado, díxolle que iso non era o convenido, que quedara de avisalo con tempo e que estas non eran palabras. A morte respostoulle:

—Branqueouche o pelo?

—Branqueou —contestou o home.

—Caéronche os dentes?

—Caeron.

—Cansáronseche as pernas?

—Cansaron.

—Perdiches as forzas?

—Perdín.

— E logo, que máis avisos querías?



Sara Romalde Ricart(3º C)

Rocío Moreno Carreira(3º C)

Guillermo Ramil López(3º C)

Andrea Bellón Lama (3ºA)

# Música

## Entrevista realizada a Nacho Grueiro, batería de Membrillo Fanegas

Para non perder o ritmo coa música na revista deste curso, continuamos falándovos de Membrillo Fanegas, un grupo de influencias *punk* e *ska*, cunha filosofía un tanto distinta da dos Decadent Daughters, digamos, un pouco máis parrandeira. Algo que xa foi así desde que se formaron, a cabalo entre 2007 e 2008, cando deron o seu primeiro concerto, onde demostraron moito carisma, e, sobre todo, ganas de pasalo ben facendo disfrutar ao público.

Son catro: un guitarrista (Javi), un cantante e guitarra (Joako), un baixo (Lage) e un batería (Nacho), que nos contou un pouco como é o espírito da banda. A verdade é que algo xa se deduce desde fóra, xa que contan cun nutrido club de fans (entre os que nos contamos) e os amigos, que corean con entusiasmo as cancións dando saltos.

Quizais a rápida simpatía que se lle colle a Membrillo ten que ver coa súa actitude no escenario: desenvolta e desvergonzada, que nunca deixa decaer os ánimos. Tal e como nos ilustra Nacho, tratan de divertirse. Tampouco debemos olvidar o repertorio (o difícil ía ser atopar un grupo de música sen repertorio), que se conforma de temas propios e versións, pero... é que algunhas desas versións teñen algo especial. Facendo como fixo Sinistro Total con "Sweet Home Alabama", converténdoa en "Miña Terra Galega", a Membrillo Fanegas saíronlle cancións como "El festín" ou "Ferrol, San Valentín, Fene, Perlío" e, por suposto, non faltan os temas propios, co-



mo os xa case clásicos da banda, como poden ser "Lina Morgan vs Morgan Freeman" ou "Cervecéame". As súas letras queren facernos rir e non teñen moitas máis pretensións fóra de facernos pasar un bo rato. Como eles mesmos apuntan no seu *MySpace*: "soa como comerse un melón e mastigar moito". Absurdo? A min gústanme os melóns.

Por: Rita Calvo Salgado (6ºE)

## O HEAVY METAL

O metal é un xénero musical evolucionado a partir do *rock and roll* e do *hard rock*, e está caracterizado por ritmos potentes que se logran mediante a utilización de guitarras distorsionadas, baterías con dobre bombo ou dobre pedal e baixos pronunciados.

A orixe do termo *heavy metal* non está clara. Quizais a teoría que máis se achega á realidade é a de que en 1969 o crítico e periodista David Fricke, da revista especializada *CIRCUS*, agrupou a diferentes bandas, tales como Black Sabbath, Deep Purple e incluso Cream, dentro do nacente movemento, ao que bautizou *heavy metal* debido á similitude co característico son, densidade e pesadez que entrañaban os temas. Por outro lado, os termos *heavy metal* e *hard rock* foron empregados moitas veces como sinónimos, especialmente ao falar de grupos dos anos 70.



O HEAVY METAL >>

# Música

<< O HEAVY METAL

A temática do metal é o escuro e sombrío. A relixión ten tamén un papel moi importante, xa que sempre se enfatizan os temas espirituais e relacionados coa morte ou Deus, xa sexa apoiando, criticando ou simplemente referíndose ao tema dun modo reflexivo. Tamén tocan temas de fantasía épica ou gótica, relatos de ficción ou de colorido histórico, mitoloxías exóticas...En realidade non hai tema de ficción ou fantasía que o *heavy metal* non tocara, aínda que todos saben que a esencia temática desta subcultura nace como unha protesta ao illamento e exclusión social que sufriron os frecuentemente chamados *outcasts* e *freaks* escolares ou outros, especialmente durante os anos de adolescencia e o inicio da madurez.

Os instrumentos propios do *heavy metal* son guitarras eléctricas, baixos, batería, percusionistas en xeral, teclado, instrumentos electrónicos, como *samplers* ou mesas de mesturas.

Entre os estilos destacados de *heavy metal* podemos atopar o *folk metal*, e un dos grupos que sen dúbida destacan neste estilo é Mago de Oz. Empregan o *scratching* (raspado coa púa), no que destacan grupos como Metallica e Slayer. O *death metal* tamén é destacable, xa que neste estilo existe moito máis satanismo e violencia, utilizan voces tenebrosas e as guitarras teñen máis distorsión. Destacan os grupos Napalm Death e Extreme Noise Terror. O *black metal* é un dos estilos máis variados, tanto en estilo como en calidade de produción, aínda que a maioría de grupos enfatizan as voces moi agudas en contraste con voces moi graves. Destacan grupos como Celtic Frost. O *power metal* aparece a mediados dos

80 en EE.UU e alcanza unha gran popularidade en Europa. Céntrase nunha música máis optimista, melodías épicas e temas que "apelan ao sentido do valor e a beleza do oínte". Os grupos máis destacados son Helloween, Iron Maiden e Judas Priest.

O *metal progresivo* caracterízase pola gran capacidade técnica dos músicos e polas melodías que lles imprimen ás cancións, normalmente de longa duración, divididas en capítulos ou partes. Destacan grupos como Rush ou Queensrÿche. Tamén destacan o *doom metal*, con grupos como Candlemass; o *gothic metal*, con grupos como Penumbra e Trail of Tears; o *metal alternativo* (moi destacable), con grupos como Nirvana e Alice in chains; o *metal industrial*, con grupos como Ministry, White Zombie, Marilyn Manson; o *groove metal*, con grupos como Sepultura e Artillery e o *nu metal*, con Biohazard como grupo destacable.

Sen dúbida, o realmente bo que ten o metal é que é moi pouco comercial e que, aínda que a porcentaxe dos seus oíntes sexa bastante baixa, é moi probable que perdure moito tempo, porque eses pequenos grupos de fans son incondicionais.



Carla Fernández López (4ºB)  
Sofía Díaz Santiso (4ºB)

## Hip hop : un estilo de vida

O *hip hop* é un estilo de vida, non una modalidade musical como todo o mundo pensa, excepto os que formamos parte da sociedade que esta metida nese estilo. Aquí déixovos os catro elementos importantes do estilo *hip hop* para que o coñezcades mellor, a ver que vos parece.

### A música do *hip hop*

O *hip hop* ten bastantes tipos de música que o caracterizan. O máis famoso deles é o *rap* (como Falsalarma) pero tamén hai *dancehall* (como Sean Paul), *R&B* (como Ciara) e *funk* (como Timbaland).

Reamente ten letras para todo os gustos. Non só fala de drogas, armas, violencia e prostitución; tamén ten cancións que falan de amor, amizade, en contadas ocasións dos "favores" que Deus lles fai ós cantantes... A xente está moi equivocada co concepto da música *hip hop*, alé-

grome de ter a oportunidade de aclarar esta cuestión tan corrente.



O *hip hop*: un estilo de vida >>

# Música

<< O hip hop: un estilo de vida

## O baile da nosa cultura

Nós temos un baile con diferentes *afluentes*. O máis coñecido é o *break dance*, pero tamén hai *locking*, *popping*, *hustle*, *uprocking* e *lindy hop*.

Todos eses estilos forman o *street dance*, que é o conxunto de todas esas especialidades xuntas, e que é a representación corporal deste estilo de vida.

Se che gusta, acabas vivíndoo ó cen por cen e es capaz de expresar todo tipo de sentimentos coa expresión facial e co resto dos movementos do teu corpo.

## Hip hop nas paredes

Como pensaredes, e estades no certo, falo do famosísimo *graffiti*, un dos catro elementos máis importantes do *hip hop*.

É un costume de bastantes anos atrás dos chamados Big Boys ou máis coñecidos como B-Boys.

Eu definiríaa como arte urbana, e consiste en escribir palabras tridimensionais con formatos descoñecidos que crea o graffiteiro e, se este quere, en engadirlle una imaxe que teña que ver coa palabra ou que simbolice o autor, se non quere firmalo.



## DJ's on the building!!

Pois si xente, falo dos famosísimos *DJ's*, os que máis animan os locais de musica *hip hop* nos que bandas urbanas bailan e compiten para demostrar cal é a mellor do barrio. Si, estaredes pensando: "como na película de *Street Dance!!*"; pois si, como nesa película, ou como na película de *You got served*, máis antiga, pero que é igual de boa e na que sae Lil' Kim.

Os *DJ's* son uns magos da música, por así chamalos, pois fan auténticas marabillas pinchando cancións e mesturando unhas con outras.



Pois isto é o *hip hop*, compañeiros; moi, moi resumido. Animádevos a buscar máis información e marcade o voso propio estilo, axudando ó *hip hop* a chegar ó máis alto. Poderedes comprobar como o *hip hop* os enche de tal forma que o sentiredes coma una parte máis de vós. ¡¡Moito *hip hop*!!

Yaiza Mari Montero Troncoso (4ºB)



# Música

## A música clásica persa: Irán

En Asia central, a música foi o vector de identidade nacional. Así mesmo, en Irán, o cambio de réxime político en 1979 resucitou a música tradicional nas súas formas populares e cultas. Esta última baseábase no *radif*, formado por sete series melódicas chamadas *dagtga* ou sistema modal, que se expresa mediante unha substancia melódica moi definida, fixada polos vellos mestres.

O repertorio popular ten en conta as diferentes rexións. Comprende tres xéneros: música rural, música de guerra e música *zurxané*.

Así, aínda que se fale dunha música persa, en Irán, como ocorre noutros países, cada rexión, e aínda cada pobo ou etnia, ten o seu tipo particular de música, e ata, nalgúns casos, os seus propios instrumentos.

A música Iraní atravesou varios períodos. Interpretada nas cerimoniais e nas reunións íntimas ata principios do século XX, adoptou a notación escrita nos anos 20 grazas a Alí Nai Vazin. A occidentalización caracterizouse pola aparición de grandes modelos calcados do modelo extranxeiro. A volta actual ás fontes é obra de pequenos grupos instrumentais, e pronto converteuse no centro musical do oriente islámico.

A música tradicional de Irán é modal e monofónica. Monofónica porque todos os instrumentos tocan o mesmo esquema melódico de connotacións harmónicas; e é modal porque hai doce modos básicos: sete primeiros denominados *dagtga*s e cinco secundarios denominados *avazs*, a partir dos cales constrúense os patróns rítmicos e melódicos que permiten a improvisación.

A música iraní está baseada fundamentalmente na improvisación a partir dos modelos xa descritos, e a súa



transmisión xeralmente foi por vía oral, de mestre a alumno. A improvisación lévase a cabo a partir de fórmulas modais melódico-rítmicas, que son denominadas *gushes*. Estes patróns melódicos *standars* da música tradicional iraní foron condicionados e sistematizados nun corpo denominado *radif*, cuxo contido foi escrito a comezos do século XX, malia pertencer ancestralmente, como dicimos á tradición oral.

As cancións xeralmente consisten nunha melodía interpretada por un solista ou ocasionalmente en dúo con acompañamento percusivo, aínda que as combinacións orquestrais volvéronse máis populares cos anos.

Os grupos instrumentais habituais da música clásica persa actual compóñense de ata cinco de carácter melódico, un a tres ritmos e inclúe, ademais, un cantante.

Alguns dos instrumentos máis típicos ou populares:

Laura Ríos Casanova (5ºD)

O *santur*: unha cítara en forma paralelograma, con setenta e dúas cordas (catro por nota), que o músico toca utilizando dúas varillas rectas ou curvas



O *târ*: introducido en Irán a finais do século XVIII, é o instrumento base do *radif* e clasifícase dentro da familia dos laúdes. Ten forma de dous corazóns que se unen na punta e está composto por seis cordas afinadas segundo o modo utilizado. Tócase cunha púa



O *ney*. É un instrumento de vento bastante difundido, unha frauta moi común no cercano oriente que tamén se utilizou en Irán.



O *kemancé*. É un violín similar á viola árabe *rebed*, con catro cordas afinadas como o violín, aínda que sostido verticalmente sobre a coxa esquerda, mentres a man dereita sostén o arco e o *oud*, que en Irán se chama *barbat*.



O *tombak*, é un tambor de madeira recuberto de pel de coiro con forma de cáliz, de aspecto similar á *darbuka*. Tócase con ambas mans, percutindo os dedos de maneira diversa.



# Música

## ENTREVISTAMOS A ANDY (DECADENT DAUGHTERS)



Formados na nosa cidade ferrolá no pasado ano 2007, Decadent Daughters son agora mesmo un fresco vento no mesto lodazal no que se converteu a música na actualidade. A súa actitude, o seu aspecto e, sobre todo, as súas extraordinarias habilidades musicais leváronos xa lonxe das típicas restricións propias de grupos locais, como tocar só en pubs pequenos e non chegar nunca a sacar un disco. Decadent Daughters actuaron xa na prestixiosa sala Apollo 2 en Barcelona e no Rock Palace de Madrid, ademais de seren seguidos por diversas publicacións e revistas, e mesmo, proximamente, darán saída ao seu primeiro álbum. E non só se limita o seu fenómeno ao noso país, pois gran parte dos seus fans son do estranxeiro (cousa curiosa é ver que hai máis xente que os coñece en Londres que en Ferrol).

O pasado 17 de abril puidemos asistir ao seu concerto na sala Run Rum, na nosa cidade ferrolá. Moitos puristas puxeron o grito no ceo debido ás súas maneiras de estrelas cando o certo é que aínda non publicaron o seu disco. Pero é parte do show. Os Decadent Daughters son un grupo así, e, musicalmente, poden impoñer respecto a calquera outra formación das súas características. Consequimos unha entrevista por correspondencia co seu guitarrista solista, Andy, que nos aclarou moitas cousas sobre o que ocorre no interior de Decadent Daughters.

**—Saúdos, e poderías relatarnos como foron os inicios do grupo?**

Un calvario. O único que sabíamos era que queríamos facer isto e que queríamos facelo ben. A idea orixinal era facer algo o suficientemente bo como para soñar e, á

súa vez, o suficientemente maduro como para non pechar de inxenuos. O *punk rock* escandinavo serviunos de base para chegar ao son que temos actualmente, bañado por multitude de influencias, que van dende o *sleazy* ata o *visual kei*, pasando polo *heavy metal* e, incluso, o *power metal...*, pero o son non é o único que madurou co tempo. A imaxe, antes era moito máis clásica, e ata a actitude era diferente. Hoxe seguimos sendo igual de ambiciosos, pero, polo menos, aprendemos a usar a cabeza.

**—¿Como se vos ocorreu o nome de Decadent Daughters?**

Supoño que miramos ao noso redor, e o que vimos inspirounos iso. Creo que saíu da boca de Kane, pero o nome de Decadent Daughters estaba na mente de todos.

**—Entre as vosas cancións atopamos algunhas que, coloquialmente, poderíamos chamar “temazos” (persoalmente encántannos “Sickness” e “Black and Blue”). Como é o proceso de creación dunha canción no grupo?**

Sempre que se nos ocorre algún *riff* ou algunha melodía en concreto que paga a pena, intentamos sacarlle proveito. Non temos unha fórmula predeterminada: algunhas veces facemos as cancións entre todos; e outras, con dúas persoas traballando nunha canción, pode ser máis que suficiente. Ao chegar ao local de ensaio cun novo tema, cada un cobre perfectamente o seu rol e cada quen sabe perfectamente o que ten que facer, onde, cando e por que. Nese aspecto, tivemos sorte.

**—Segundo algunhas persoas, a vosa música podería encadrarse dentro da escena *hardcore*, mentras outros argumentan que case pareceades de cotas máis metálicas. Vos como vos definiríades?, sen estilo definido?**

Somos Decadent Daughters. Para min non hai volta de folla. Sonamos así porque somos cinco tíos creativos con gustos diferentes e non nos pechamos en sonar coma alguén. Se temos que ter algunha etiqueta, non serei eu o que a poña.

**—As vosas letras están en inglés, simplemente é que vos gusta máis compondor así ou é porque buscades un público máis alá destas fronteiras?**

Ambas cousas. Ademais, o *rock n’ roll* ten un idioma. Se nos dedicásemos ao flamenco, probablemente non cantaríamos en inglés. Á parte diso, non hai máis que botar unha rápida ollada aos nosos gustos persoais para darse de conta de que o *rock* español non ten ningún oco nas nosas influencias.

ENTREVISTAMOS A ANDY (DECADENT DAUGHTERS) >>



# Música

<< ENTREVISTAMOS A ANDY (DECADENT DAUGHTERS)

**—A estética do grupo é moi chamativa, peculiar ou, polo menos, alternativa. Chámeselle como se lle chame, inspirástesvos nalgún grupo ou persoa concretos? E así, coma quen non quere a cousa... poderías contarnos o segredo de Chris para o seu peiteado?**

Non creo que fora inspiración dun grupo ou dunha persoa en concreto. A idea era (e segue sendo) coidar tanto a imaxe como a música. Só hai que ter ollos para ver que iso leva facéndose dende que o *rock n'roll* é *rock n'roll*. Respecto ao peiteado de Chris, o único que podo dicirche é que se pecha no baño co seu inseparable Chris Kit e que, ao cabo de media hora (ou unha hora, segundo a situación requira), sae de alí peiteado desa guisa e ulindo a laca... O resto, é un misterio.

**—Debido ás túas andanzas musicais, podemos imaxinarnos como serán os teus gustos sobre os demais grupos, pero tés algún *guilty pleasure*, algunha desas cancións que, non sabendo como, acábanche gustando de forma case vergoñenta e que non se soen recoñecer como gustos?**

Ben, o máis parecido a iso creo que é *Nessun Dorma* de Giacomo Puccini. Sendo ópera, é das poucas cancións que, despois de escoitalas centenas de veces, segue emocionándome como o primeiro día. Logo tamén me gustan algúns grupos infumables como Nitro ou Wrathchild, pero iso xa é outra historia

**—Ultimamente está moi de moda entre a crítica especializada a frase de: “hoxe en día a música vai mal”. Persoalmente afirmariamos que abundan dabondo os triunfitos, reggaetoneros e demais, cal é a túa opinión ao respecto?**

Queixarse é gratis. Non creo que estea tan mal como din, e se o estivera, tampouco lle botaría a culpa ao *reggaeton* ou á música prefabricada. Creo que máis que nada é que hai moita máis facilidade para os grupos á hora de chegar á xente da que había antes. Internet abriu portas a moitos máis grupos que antes. Sen o apoio de discográficas, non terían saído do barrio. Tamén é certo que, polo mesmo motivo, agora hai moita máis competencia que hai dez anos, e iso fai que sexa moito máis difícil destacar, pero creo que os grupos que realmente merecen a pena rematarán gañándose a vida con isto de igual maneira.

**—Cres que chegará o momento no que poderás vivir só do grupo? ¿É un soño increíble ou unha futura realidade?**

Espero que sí, a verdade. Ultimamente, as cousas estannos indo bastante ben, e creo que si que poderemos chegar a vivir disto. Hai tempo soñabamos co que temos agora. Agora temos que soñar co que teremos mañá.

**—Se tiveras un capricho como *rockstar*, cal sería?**

Compraría un piano de cola para o salón da miña casa e contrataría a un tío para que estivera tocando durante todo o día. Adoro o son do piano. Se non tivera tanta pasta como para iso, conformaríame con aprender a tocalo

**—Xa nos quedamos case sen preguntas. Que é o mellor e o peor de estar nun grupo coma Decadent Daughters? E, englobándoo nas cousas boas, poderías contarnos algunha anécdota divertida que vos ocorrese dende que estades aí?**

O mellor de todo é saber que estás facendo o que máis che gusta, cos teus mellores amigos, e saber que o estás facendo ben. O malo é que hai que estar ao cen por cen con isto e que se queres facer calquera outra cousa, é posible que non poidas.

En canto a anécdotas... recordo, por exemplo, no noso primeiro concerto, que Lizzy estaba moi nervioso (non é que os demais non o estiveramos, pero é que a el, en particular, se lle notaba moito máis). Eu tiven a xenial idea de recomendarlle que bebese un par de birras ou uns chupitos antes de saír a tocar, que eu o fixera en moitas ocasións e que iso axudaba a controlar os nervios. Ben, pois o tío debeu de aplicar a lóxica de “a maior cantidade, maior efectividade”, e rematou agarrando un “pedo” co que a duras penas podía manterse en pé... , e, ben, podedes imaxinar a calidade musical do bolo, non?, pois foi aínda peor do que pensades. Pero iso xa é auga pasada e, a pesar de que conseguimos destruír todas as probas de que ese concerto existira algunha vez, agora, cada vez que tocamos, recordámolo e facemos algunha broma ao respecto.

**—E para finalizar, moitísimas grazas por aceptar esta entrevista, que esperamos que nos axude a captar máis lectores para esta revista, que se reparte a todo o alumnado, pero que moi poucos len (risas). Os nosos mellores desexos para o grupo e a máis profunda admiración para un grandísimo guitarrista.**

Grazas a vós que volo currastes moito. Foi un pracer. Unha aperta e sorte.

*Entrevista realizada por Hadrián Díaz Fabuena (6ºB)*

# Ecología

## Baixa Limia – Serra do Xurés




A zona protexida da Baixa Limia – Serra do Xurés atópase no surlreste da provincia de Ourense, e está formada por tres espazos: o Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés, que comprende os concellos de Entrimo, Lobios e Muíños; o Lugar de Importancia Comunitaria Baixa Limia, que se amplía polos concellos de Bande, Calvos de Randín, Lobeira, Padrenda, Quintela de Leirado e Vereia, e o Parque Transfronteirizo Gerês – Xurés, que mestura o parque natural galego co que en Portugal é o Parque Nacional Peneda – Gerês.



O parque natural de Baixa Limia – Serra do Xurés ten unha superficie de 20.920 hectáreas e divídese en dúas zonas: a primeira comprende o río Limia e os seus afluentes, cos grandes encoros de As Cunchas, Salas e Lindoso, e a segunda ocupa a Serra do Xurés, con cumios de ata 1500 m.

O río Limia era chamado polos antigos romanos “Río do esquecemento”, pois crían que aquel que se atrevese a cruzalo para invadir a terra que había máis alá había

esquecer todo canto vivira e ata o seu propio nome. Esa lenda aterrorizaba ós soldados de tal xeito que ningún ousaba vadear o río, ata que o xeneral pasou á outra beira e dende alí chamou a cada lexionario polo seu nome, para amosar que non perdera a memoria. Consérvanse desta época os restos arqueolóxicos de Aquis Querquennis (Porto Quintela, Bande), Aquis Originis (Baños de Riocaldo, Lobios) e a Vía XVIII ou Vía Nova, que unía as cidades de Asturica Augusta (Astorga) e Bracara Augusta (Braga). Así mesmo, tamén atopamos vestixios dos primeiros poboadores da zona, que datan de mediados do IV milenio a. C., como as mámoas ou dolmens diseminados por todo o parque.



No tocante ás serras, as do Laboreiro, de Queguas, de Santa Eufemia, do Pisco e de Pena, xunto cos Montes do Quinxo, conservan os circos glaciares máis baixos da Península Ibérica; o seu pico máis alto, o da Nevosa, chega soamente ós 1539 m. A súa paisaxe caracterízase polas rochas graníticas e as fervezas pro-

# Ecología

ducidas polos regatos que baixan dos cumios, como as da Cabreira e da Fecha, en Lobios; esta última, a máis alta e impresionante de Galicia. A parte portuguesa do parque conserva zonas moi frondosas con grandes árbores que en tempos se empregaron como madeira para os barcos nos asteleiros.

A flora presenta características moi interesantes, ó ser unha rexión que se atopa entre dúas paisaxes distintas: a Eurosiberiana (atlántica) e a Mediterránea (provincia de León).



Por este motivo, a vexetación alterna bosques de árbores caducifolias, característicos de condicións climáticas húmidas, cos de folla perenne, como son a sobreira (*Quercus suber*) ou o érbedo (*Arbutus unedo*), máis adaptados á falla de auga durante determinados períodos do ano. Ademais, tamén atopamos grandes diferencias segundo a altitude, que oscila dende os 260 ata os máis de 1500 metros: nas zonas máis altas, atopamos reboleiras (*Quercus pyrenaica*), acompañadas do piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris*) e do teixo (*Taxus baccata*); nos cumios das serras achamos sobre todo monte baixo, con algúns acivros (*Ilex aquifolium*), cancreixos (*Sorbus aucuparia*) e reboleiras; as zonas baixas do val da Limia están ocupadas por bosques de carballos (*Quercus robur*), castiñeiros (*Castanea sativa*), sobreiras, piñeiro común (*Pinus pinaster*), loureiros (*Laurus nobilis*), érbedos e sanguíños (*Frangula alnus*); e nos zonas percorridas polos moitos regatos hai bosque de galería composto por bidueiros (*Betula celtiberica*), freixos (*Fraxinus angustifolius*), amieiros (*Alnus glutinosa*), chopos (*Populus tremula*), abeleiras (*Corylus avellana*) e distintas especies de salgueiros (*Salix*).



En canto á fauna, a acción do home provocou a extinción dos derradeiros osos (*Ursus arctus*) destas serras, así como das cabras do Xurés (*Capra pyrenaica lusitánica*), que agora se atopan nun delicado proceso de reintrodución. Porén, aínda queda unha grande diversidade de especies por todo o territorio do parque: nos mamíferos, o poni galego en réxime de semiliberdade, o corzo (*Capreolus capreolus*) ameazado pola caza, o lobo (*Canis lupus*), o raposo (*Vulpes vulpes*), o xabarín (*Sus scropha*), o teixugo (*Meles meles*), e a lontra (*Lutra lutra*); nas aves, a aguiá real (*Aquila crysaetos*), aguiá albela (*Circus galli*), rapina perdiceira (*Hieraaetus fasciatus*), aguiá cincuenta (*Circus pygargus*), a bubela (*Upupa epops*) e a anduriña brava (*Riparia riparia*); e nos réptiles e anfíbios, a cobra de auga (*Natrix natrix*), a víbora fociñenta (*Vipera latasti*), o lagarto verdinegro (*Lacerta schreiberi*), a lagartixa de bocaxe (*Podarcis bocagei*), o sapo común (*Bufo bufo*) ou o sapo parteiro (*Alytes obstetricans*).



En resumo, este parque, percorrido por numerosas rutas, xa sigan as antigas vías romanas ou descubran novos carreiros por entre as serras e os bosques, é un recuncho agachado, un fragmento desa herdanza de lendas, contos e misterios que acompañan ó Río do Esquecemento na súa viaxe a través das montañas do Sur.



Andrea Mosquera Alonso, 3ºB ESO

**culturagalega.org**

AUDIOVISUAL | BANDA DESDIBAIDA | LITERATURA | MÚSICA

Agora | Anterior | Despóis

Noticias

ANUNCIÓUNO O SECRETARIO DE ESTADO DE MEDIO RURAL E AUGA

**O Xurés formará parte da Reserva da Biosfera**

Santiago, Redacción 22 / 5 / 2009

**Ligazóns**

- Parque Natural do Xurés-Gerês

**Relacionadas**

- O Parque Natural en Turgalica

Josep Puxeu, secretario de Estado e Medio Rural e Auga, anunciou o mércores na clausura da xuntanza do Comité Científico Español do programa Home e Biosfera da UNESCO que o parque natural do Xurés-Gerês formará parte da Reserva da Biosfera. O novo parque natural incluíra varias zonas de Reserva Integral nas que se priorizará a conservación do contorno. A denominación Reserva da biosfera foi establecida pola UNESCO de acordo co concepto de

No momento de publicar *Planeta Lingua*, o Xurés vén de ser declarada pola UNESCO a primeira Reserva da Biosfera Ibérica.

Este recoñecemento debe ser un apoio decisivo para a conservación deste recanto rico en valores naturais e etnográficos.

ANUNCIÓUNO O SECRETARIO DE ESTADO DE MEDIO RURAL E AUGA

**O Xurés formará parte da Reserva da Biosfera**

Santiago, Redacción 22 / 5 / 2009

**Ligazóns**

- Parque Natural do Xurés-Gerês

**Relacionadas**

- O Parque Natural en Turgalica

Josep Puxeu, secretario de Estado e Medio Rural e Auga, anunciou o mércores na clausura da xuntanza do Comité Científico Español do programa Home e Biosfera da UNESCO que o parque natural do Xurés-Gerês formará parte da Reserva da Biosfera. O novo parque natural incluíra varias zonas de Reserva Integral nas que se priorizará a conservación do contorno. A denominación Reserva da biosfera foi establecida pola UNESCO de acordo co concepto de "desenvolvemento sostible". Non só se trata de protexer o medio, senón de harmonizalo co desenvolvemento económico e humano.

Hoxe en culturagalega.org

A ACTIVIDADE TERÁ LUGAR DO 8 AO 10 DE XUÑO EN CELANOVA. Un curso analizará a relación do sector audiovisual con outras industrias culturais

O DISCO CONTÉN CATRO TEMAS NOVOS DA BANDA VIGUESA DE ROCK GÓTICO. Sae ás tendas o EP *Novembre dos vigueses* ESEÑIA

A PROGRAMACIÓN DESENVOLVE 300 ACTIVIDADES CULTURAIS EN TRES MESES. Escritores galegos e portugueses celebrarán a Capitalidade Cultural do Eixo Atlántico en Gaia

O CONCELLO SITUOU CONTADORES EN DISTINTOS PUNTOS DA CIUDADE QUE MARCAN O TEMPO ATA O 27 DE XUÑO. Comeza a conta atrás para o recoñecemento da Torre de Hércules pola UNESCO

A ENTIDADE ADQUIRIRÁ EXEMPLARES PARA AS BIBLIOTECAS DA PROVINCIA DESDE MAI 20 ANOS. A Deputación de Pontevedra rescinde o seu convenio cos editores

O EVENTO ANALIZA OS ENFONTEAMENTOS QUE TIVERON LUGAR ANTES AS MOZAS BORTAS ENTRE 1839 E 1945

# Artesanía

## ARTESANÍA TÉXTIL: ENCAIXE DE BOLILLOS E Á LANZADEIRA

A pesar de seren dous traballos de distinta natureza, constitúen un importantísimo xénero dentro da artesanía téxtil tradicional. Dende os simples útiles dos bolillos (*bilros*, en portugués) ou dunha lanzadeira, poden saír impresionantes mostras de fío, como puntillas, entredoses ou aplicacións para o seu uso na decoración do fogar ou na confección.

### BOLILLOS



*Xogo de toalla con inicial bordada, vainica e puntilla de encaixe de bolillos*

Os bolillos son unhas pequenas pezas de madeira que poden conter grande cantidade de fío. O seu tamaño é variable; porén, non adoitan ser moito máis grandes ca unha palma de man normal. En Galicia, xeralmente, fábrícanse a partir de buxo, debido á súa lixeireza, e poden mostrar unha grande variedade de formas e gravados.

Ademais destes, son necesarios outros útiles para a elaboración deste prezado encaixe: uns picados, cartolinas que mostran o deseño do labor, grande cantidade de

alfinetes; e unha almofada, de palla ou arroz, no que se sustenta todo o traballo.

No tocante ó fío, tradicionalmente utilizouse o liño, asiduo nos campos de labranza do país. Aínda que coa expansión comercial e coa industrialización, este foi substituído por algodóns, sedas e fíos orientais, o liño segue a ser un dos máis cotizados materiais nos que facer as puntillas e entredoses.

O encaixe de bolillos está asociado tradicionalmente á Costa da Morte, especialmente á vila de Camariñas, onde tódalas xeracións de mulleres aprenden esta nobre arte. Con todo, non está totalmente determinado o momento histórico no que xorde en Galicia a pasamanería e o encaixe de maneira xeralizada. Hai constancia de que xa no século XVI se exportaba dende Galicia ata a catedral de Santa María de Toledo con certa asiduidade.

Actualmente, estase a recuperar a produción deste tipo de encaixe. A Administración autonómica subvenciona parte dos cursos de perfeccionamento e algunhas publicacións, e cada vez é máis frecuente atopar clases, obradoiros e exposicións. Particularmente, na nosa comarca, cómpre poñer de relevo a grande importancia que, incluso a nivel internacional, ten a difusión dos traballos de investigación e deseño de Concepción Canoura Leira. Esta especialista, a través de numerosos estudos e análises de mostras antigas, logrou facer unha serie de manuais do encaixe de palillos cunha imaxinación desbordante. Entre eles, hanse salientar: o *Catálogo de Encaixe Galego Tradicional* (2003), *Fíos e Cores* (2006) e a *Raizame de Encaixe Galego* (2008). En canto á actividade cotiá da nosa comarca, hai unha actividade constante: talleres de artesanía especializada, academias de ensinanza, exposicións e xuntanzas, das que destaca, sen dúbida, a que ten lugar en Neda en pleno inverno.

# Artesanía

## FRIVOLITÉ

O encaixe á lanzadeira resulta ser moito menos aparatoso có anterior: para realizalo só fai falla ter un par de agullas de lanzadeira, un novelo ou carrete de fío e unha agulla de facer *crochet*.

O frivolité consiste unicamente en montar unha serie de nós sobre fío coa axuda dunha lanzadeira. Estas ataduras adóitanse presentar en dous motivos: aneis (series cerradas con forma circular) ou arcos (series abertas con forma elíptica). Así, e coas baguiñas -unhas asas que sobresaen das cadeas de nós- elabórase un dos máis impresionantes labores de pasamanería de Occidente.

Por desgracia, a perda deste traballo foi progresivo debido, posiblemente, á dificultade inicial que presenta e á lentitude á que avanza o traballo.

A pesar de teren unhas funcións moi similares, con todo, o frivolité deixouse reservado para panos, mantelariñas e xogos de cama, xa que a súa natureza non permite un maior dinamismo á hora de deseñar unha peza de



*Forma de traballar o frivolité*

encaixe. O encaixe de bolillos, en por si, dá máis flexibilidade, xa que permite facer calquera tipo de figura.

*Federico Pedreira Nores*



# Opinión persoal

## E ti es galego

Bueno, quería aproveitar un recuncho nesta revista para plasmar unha simple opinión sobre o que penso que debería ser a nosa lingua, algo que, a estas alturas, aínda vexo, por desgraza, moi lonxano.

Comezarei dicindo que a nosa lingua, que, por se aínda hai alguén que non o saiba (que seguro que si), é o galego, sofre día tras día, en lugares como Ferrol, por exemplo, as consecuencias dos nosos prexuízos, a nosa covardía, o noso rexeitamento...

É moi frecuente que cando se ten demasiado ou simplemente cando se ten algo que paga a pena telo, non lle deamos importancia ou simplemente non nos deamos conta do moito que vale, porque probablemente ninguén sabe ver o que ten diante dos seus narices, xa sexa porque non quere ou porque non dá para máis.

Non sabemos ver, efectivamente, que temos unha identidade, unha marca, unha gran vantaxe, xa que temos unha lingua propia, unha lingua que nos diferencia e nos fai especiais.

Pero non o vemos, non o vemos porque os nosos prexuízos e a nosa covardía e o medo ao "que dirán", como xa dixen antes, non nos deixa ver o que temos.

Por sorte, aínda podemos atopar individuos que queren o que teñen e saben velo e valoralo. Son poucos, e falo, como xa dixen antes, do que podo ver nesta cidade. Son poucos e por desgracia non son da nosa xeración que digamos, máis ben dunhas cantas xeracións atrás, pero paga a pena escoitalos falar sen ningún tipo de prexuízo, como os que se ven normalmente; sen ningún tipo de vergoña, como a que se ve normalmente tamén; sen medo e sen pelos na lingua. Tamén pode oírse moitas veces dicir "nadie nos tiene que obligar a hablar en un idioma si no queremos", "este es un país libre", "el gallego sólo lo hablan los pailanes", e un longo etc.

Pero resulta curioso e, tamén debo dicir, realmente gracioso e irónico, cando se escoita da boca deses mesmos individuos dicir: "yo soy galleg@ y a mucha honra".



E digo eu, que honra vai ter un "galego" que día tras día vive avergoñado da súa lingua e que por enriba a enterra ben enterradiña mentres di cunha hipocrisía demoledora que non se avergoña de ser galego??

É certo, podes falar no idioma que che pete; é máis, fala inglés en Galicia se o ves máis acorde co teu nivel (que dubido moito que sexa moi alto); pero entón non digas despois que es galego.

Que este é un país libre? Pode, non sei, pero sen dúbida é un boísimo argumento para tapar o que realmente estás querendo dicir: "el gallego da pena".

Que o galego só o falan os pailáns? Pois se teño que ser pailán para non caer na hipocrisía e na falsidade, pois sereino.

Segues pensando que "eres gallego y a mucha honra"? Dígoche eu que, avergoñado como estás do teu, do que tés e, aínda que non o creas, de ti mesmo, dubido moito que algún día chegues a selo.

*Carla Fernández López (4º B)*

## Non falo galego porque non sei falalo ben

Cando naceu o meu curmán Anxo, a miña tía avoa (que sempre falara en galego) dixo:

-Ai, eu voulle chamar Ángel porque non sei dicir Anxo.....

Este sería un exemplo de tantos cos que nos atopamos ao longo da vida no noso camiñar polos sendeiros da lingua que, se ben estase a dignificar por moitos, tamén existen outros tantos que aínda que a falan, menosprézana, pensando que non serve para todos os ámbitos, considerándoa unha lingua inferior, ou como unha parte do folclore, moi bonita para os actos culturais, pero non útil para a vida moderna. Tamén están os que pensan que a xente nova fálaa porque cre que é moda, e din que é unha modernidade e que na realidade é un atraso falala e tratar de empregala, ensinala e darlle pulo en todos os estamentos da nosa sociedade.

Pola miña parte, o único que quero é falar a fala que falaban os nosos avós -e pais nalgúns casos- que se viron obrigados a deixar de usala e a substituíla polo castelán; en principio, no ámbito máis formal, e logo, tratando de que os fillos aprenderan a falar nesta lingua para que "non se riran deles", bombardeados por todos os lados pola crenza de que a lingua galega non serve para nada, que é un atraso e unha lingua de labregos e paletos.

A resulta é unha xeración que non se sabe desenvolver no noso idioma, á que lle resulta alleo e que, aínda que o entende, non se sente capaz de ter unha pequena conversa nel. Unha imposición nos estudos que, os seus pais fan o posible porque crean que no futuro non lles vai servir para nada.

-Aprende o inglés.....iso si que serve....

Pero a pesar de toda esta situación, existe unha parte da Galicia culta que trata por todos os medios de que a lingua e a cultura galegas sexan recoñecidas polo mundo, que desenvolve un gran despregue de creatividade e orixinalidade. Estes artistas enfróntanse cunha base social que paradoxalmente se sente atacada por eles e pensa no galego como unha imposición e algo que debe rexeitar, pois significaría que a sociedade galega volvería ao atraso primitivo. A pesar de todo isto, como dicía, existen algunhas persoas que no

medio deste ambiente de fluxo e refluxo, que aínda que por diversas circunstancias da vida se educaron falando en castelán, queren dar o salto e queren poder rescatar esa parte das súas raíces para poder tamén desenvolver a súa condición de galego orgulloso de si mesmo, falando na nosa lingua.

Esas persoas teñen diante de si unhas fronteiras que cruzar. Unha delas é as súas propias cortapisas mentais, que as levan a dicir que non empezan a falar galego porque non o falan correctamente, porque non son quen de dicir esta ou aquela palabra sen pensalo moito e que se se trabucan nos tempos verbais -por exemplo- están a facer un atentado contra o idioma. Pero non se dan conta de que cando falamos o castelán, todos os galegos nos trabucamos no emprego de moitas palabras que sacamos do galego e que non sabemos en castelán: colo, pota, daquela.... e que no uso dos tempos verbais nos trabucamos constantemente, nos compostos, por exemplo.

A que ninguén pensa: -Non vou falar en castelán porque non sei falar ben....?


Claro, porque quedariamos mudos. De que maneira nos comunicariamos entón? Se non domi-

namos "correctamente" ningunha lingua, en que falarían entón os andaluces, extremeños, canarios, aragoneses.....incluso os casteláns de Castela cando todos eles falan un idioma moi distinto ao da Real Academia Española?

Se estás nese grupo de xente e non te decides, non volvas dicir xamais que é porque non o falas ben, escótate falar en castelán ou en inglés... E se estiveras en Inglaterra, non tratarías de comunicarte no teu pobre inglés?

Anímate, e fala en galego, que é unha gran maneira de unirte aos devanceiros que se sentiron menosprezados e pisados por unha cultura allea, e de crecer no teu desenvolvemento como persoa sendo posuidor dun gran tesouro: a posibilidade de comunicarte en dúas linguas, nada menos...!

*Mercedes Fernández Díaz (Educación infantil)*



# PASATEMPOS


V	I	V	F	V	O	M	T	C	A	L	E	T	F	I
I	S	A	N	I	R	A	M	A	C	X	P	C	O	M
O	N	L	U	S	O	S	L	A	X	L	M	X	E	A
F	L	X	E	C	E	F	T	I	N	P	U	O	L	R
U	H	C	I	L	V	A	I	C	E	X	R	C	M	I
C	T	A	A	V	I	X	L	S	X	T	O	X	R	N
E	M	I	L	N	V	H	S	O	T	I	S	I	E	T
I	R	O	V	F	R	C	A	F	P	E	A	L	U	O
F	V	N	I	X	N	R	N	O	X	A	R	I	N	A
R	U	O	M	C	T	I	X	T	F	N	A	R	P	T
O	C	I	A	V	I	V	E	I	R	O	B	L	A	L
L	R	A	U	O	E	C	N	L	E	L	L	N	U	A
C	A	V	C	X	T	E	X	H	O	N	T	B	N	O
M	A	I	X	U	M	N	O	S	A	L	E	R	U	B
R	U	A	P	A	X	U	I	L	O	M	F	S	C	A

Busca na seguinte sopa de letras os dez pobos galegos que che indicamos a continuación:


- Camarieñas
- Fisterra
- Noia
- Viveiro
- Muxía
- Burela
- Muros
- Caión
- Marín
- Sansenxo

## FENDETESTAS

- ESTE PEIXE COMPOSTO POR OITO MISTOS, NADA CARA Á DEREITA. MOVE SÓ TRES MISTOS PARA FACELO NADAR Á ESQUERDA.



- HAI QUE CONECTAR OS SERVIZOS DE ELECTRICIDADE (A), GAS (B) E AUGA (C) ENTRE AS MANSIÓNS M<sub>1</sub> E M<sub>2</sub>. OS SERVIZOS TEÑEN AS SEGUINTE CONDICIÓNS:
  - OS TRES DEBEN CHEGAR ÁS DÚAS MANSIÓNS.
  - AS TUBERÍAS NON SE PODEN TOCAR NÍN CRUZAR.
  - NON HAI LIMITACIÓN NA LONGITUDE DAS LIÑAS.



- ESCRIBE CON TÓDAS AS LETRAS O NÚMERO QUE FALTA NA FRASE PARA QUE SEXA COHERENTE CO QUE DÍ.



- AQUÍ TEMOS UNHA HORQUILLA FORMADA POR CATRO MISTOS. ESTA CONTÉN CATRO CANICALS:



DESPEZANDO DÓIS MISTOS, HAI QUE CONSEGUIR UNHA HORQUILLA COA MESMA FORMA, PERO CON CANICALS FÓRA DESTA. ¿CALES HAI QUE MOVER?

Noemi Rebaque Seco (6ªA)  
Cristiña López Jiménez (6ªC)